



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local
Expte. 1501/1102

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 30 de XUÑO de 2023 (1501/1102)

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Elena Espinosa Mangana
D^a M^a José Caride Estévez
D. Angel Rivas González
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Carlos López Font

Na Casa do Concello de Vigo, ás quince horas do día trinta de xuño de dous mil vinte e tres e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Está tamén presente por invitación, a secretaria de Goberno local, Sra. Gallardo Fariña.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(520).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión segundo consta nas dilixencias dos servizos incorporadas nos expedientes que se someten a aprobación na presente sesión.

Antes do tratamento dos asuntos para a súa aprobación, pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de

Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

2(521).- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ACTUACIÓN ARTÍSTICA DE "ANDRÉS CALAMARO". EXPTE. 9690/335.

Visto o INFORME-PROPOSTA de data 30.06.2023, asinado pola técnica de administración xeral do Servizo de Contratación por delegación da xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos e a xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos como instrutora do procedemento por resolución da Concelleira de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal fiscalizado en data 30/06/2023 que literalmente di:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento negociado sen publicidade para a contratación do servizo de actuación artística de "ANDRÉS CALAMARO" (9.690-335) (PCAP)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 26 de xuño de 2023, adoptou o seguinte acordo:

"Primeiro: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento negociado sen publicidade e tramitación ordinaria do contrato da prestación do SERVIZO DE ACTUACIÓN ARTÍSTICA DE "ANDRES CALAMARO" DENTRO DO "PROGRAMA DE ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE VIGO EN FESTAS 2023".



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local
Expte. 1501/1102

Segundo: Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas de 9 de xuño de 2023, redactado pola xefa do Servizo de Festas, e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares do 26 de xuño de 2023, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación.

Terceiro: Autorizar o gasto polo importe base de licitación de 120.324,82 euros, sendo o valor estimado do contrato de 99.442,00 euros con cargo a aplicación orzamentaria 3380.226.0906 (Festas de Vigo) do programa orzamentario do Servizo de Festas, para o vixente exercicio económico.

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.”.

Segundo.- O 27 de xuño de 2023 o Servizo de Contratación cursou unha invitación para participar no citado procedemento a CATEGÓRICA PRODUCCIONES, S.L.

Terceiro.- O 28 de xuño de 2023 CATEGÓRICA PRODUCCIONES, S.L., presentou a súa oferta a través da plataforma de Contratos do Sector Público, dentro do prazo concedido para o efecto.

Cuarto.- O 29 de xuño de 2023, reúnense a técnica de administración xeral do Servizo de Contratación por delegación da xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos de data 27 de xuño de 2023 xunto coa xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos como instrutora do procedemento por resolución da Concelleira de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal de data 23 de xuño de 2023, co obxecto de abrir a oferta presentada polo licitador invitado.

En primeiro lugar, cualificouse a documentación persoal. Dado que o licitador achegou declaración responsable sobre outros contratos realizados en 2022 con este Concello, incorporouse certificado asinado no expediente 9.691-335 pola secretaria do Goberno local de data 23 de xuño de 2023 de acreditación da solvencia técnica do licitador pola execución en 2022 da actuación artística, rider e catering para o concerto de SEBASTIÁN YATRA (9.232-335) por un prezo total de 206.480,45 euros

Comprobado que a documentación é conforme co esixido na cláusula 13.8.A) do PCAP, acordouse admitir neste procedemento a CATEGÓRICA PRODUCCIONES, S.L.

Comprobada a capacidade e solvencia do licitador, procedeuse á apertura da documentación económica contida no “SOBRE B: PROPOSICIÓN ECONÓMICA”, de conformidade coa cláusula 14.2 do PCAP.

Segundo o previsto na cláusula 15 do PCAP non procede a negociación “dado que o artista xa foi seleccionado, as características do espectáculo determinadas e o prezo fixado, non existen materias que poidan ser obxecto de negociación”.

De conformidade coa cláusula 16 do PCAP *“Dadas as características do presente procedemento, non se considerará en ningún caso que a oferta poida conter valores anormais ou desproporcionados con independencia da baixa ofertada. A redución do prezo que se oferte non ten incidencia no desenvolvemento do evento, polo que unha oferta económica do servizo máis vantaxosa favorece á Administración”*.

Ao abeiro do previsto na cláusula 15 do PCAP e ao haber un único licitador, non se lle outorga puntuación.

Dado que a documentación xustificativa das circunstancias ás que se refiren as letras a e b do apartado 1 do artigo 140 da LCSP xa consta no expediente, ben porque foi presentada polo licitador ou porque formaba parte doutro expediente (9.691-335), e se considera correcta, procede formular proposta de adxudicación a favor de CATEGORICA PRODUCCIONES, S.L., sen necesidade de clasificar a oferta (cláusulas 18.1 e 2).

Constan no expediente os certificados acreditativos de que o licitador está ao corrente nas súas obrigas tributarias co Concello de Vigo, coa Axencia Tributaria Estatal e Autonómica, así como coa Seguridade Social.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local
Expte. 1501/1102

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador, CATEGÓRICA PRODUCCIONES, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle ao xefe do servizo xestor e á xefa do Servizo de Contratación ou persoas nas que deleguen. A proposta realizarase a favor do licitador que posúe os dereitos de exclusiva de acordo co artigo 168.a 2º da LCSP.

Con relación á motivación desta adxudicación remitímonos á acta do 29 de xuño de 2023 de apertura dos sobres A e B.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a CATEGÓRICA PRODUCCIONES, S.L. (B-27.778.141) o procedemento negociado sen publicidade para a contratación do servizo de actuación artística de "ANDRÉS CALAMARO" (9.690-335) por un prezo total de 120.324,82 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 20.882,82 euros”.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(522).- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE PARA A CONTRATACIÓN DO ARTISTA "PABLO LÓPEZ".EXPTE. 9692/335.

Visto o INFORME-PROPOSTA de data 30.06.2023 , asinado pola técnica de administración xeral do Servizo de Contratación por delegación da xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos e a xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos como instrutora do procedemento por resolución da Concelleira de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal fiscalizado en data 30/06/2023 que literalmente di:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento negociado sen publicidade para a contratación do artista "PABLO LÓPEZ" (9.692-335) (PCAP)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 28 de xuño de 2023, adoptou o seguinte acordo:

"Primeiro: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento negociado sen publicidade e tramitación ordinaria do contrato da prestación do servizo de ACTUACIÓN ARTÍSTICA DE "PABLO LÓPEZ" DENTRO DO "PROGRAMA DE ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE VIGO EN FESTAS 2023".

Segundo: Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas do 12 de xuño de 2023, redactado pola xefa do Servizo de Festas, e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares do 28 de xuño de 2023, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación.

Terceiro: Autorizar o gasto polo importe base de licitación de 127.050,00 euros, sendo o valor estimado do contrato de 105.000,00 euros con cargo a aplicación orzamentaria 3380.226.0906 (Festas de Vigo) do programa orzamentario do Servizo de Festas, para o vixente exercicio económico.

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente".

Segundo.- O 29 de xuño de 2023 o Servizo de Contratación cursou unha invitación para participar no citado procedemento a ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, S.L.

Terceiro.- O 29 de xuño de 2023 ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, S.L., presentou a súa oferta a través da plataforma de Contratos do Sector Público, dentro do prazo concedido para o efecto.

Cuarto.- O 29 de xuño de 2023, reuníronse a técnica de administración xeral do Servizo de Contratación por delegación da xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos de data 27 de xuño de 2023 xunto coa xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos como instrutora do procedemento por resolución da Concelleira de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local
Expte. 1501/1102

Municipal de data 23 de xuño de 2023, co obxecto de abrir a oferta presentada polo licitador invitado.

En primeiro lugar, cualificouse a documentación persoal.

Dado que o licitador, para os efectos de acreditar a súa solvencia técnica e profesional, achegou documento de formalización de contrato tramitado no expediente 9.241-335 realizado con este Concello, solicitouse polo Servizo de Contratación certificación sobre a execución dun dos contratos declarados polo licitador (expediente 9.241-335).

O 30 de xuño de 2023 reuníronse novamente a técnica de administración xeral do Servizo de Contratación por delegación da xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos de data 27 de xuño de 2023 xunto coa xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos como instrutora do procedemento por resolución da Concelleira de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal de data 23 de xuño de 2023, para a cualificación da documentación presentada no Sobre A e, se procedese, a apertura do Sobre B.

Consta no expediente certificado asinado pola secretaria do Goberno local de data 30 de xuño de 2023 de acreditación da solvencia técnica do licitador pola execución en 2022 da actuación artística, rider e catering para o concerto de HOMBRES G (9.241-335 -contrato- e 9.428-335 -facturas-) por un prezo total de 121.000 euros, sendo o importe correspondente ao IVE de 21.000 euros.

Cualificada a documentación administrativa, e comprobado que esta é conforme co esixido na cláusula 13.8.A) do PCAP, acordouse admitir a neste procedemento a ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, S.L. e procedeuse á apertura da documentación económica contida no "SOBRE B: PROPOSICIÓN ECONÓMICA", de conformidade coa cláusula 14.2 do PCAP.

Segundo o previsto na cláusula 15 do PCAP non procede a negociación "*dado que o artista xa foi seleccionado, as características do espectáculo determinadas e o prezo fixado, non existen materias que poidan ser obxecto de negociación*".

De conformidade coa cláusula 16 do PCAP "*Dadas as características do presente procedemento, non se considerará en ningún caso que a oferta poida conter valores anormais ou desproporcionados con independencia da baixa ofertada. A redución do prezo que se oferte non ten incidencia no desenvolvemento do evento, polo que unha oferta económica do servizo máis vantaxosa favorece á Administración*".

Ao abeiro do previsto na cláusula 15 do PCAP e ao haber un único licitador, non se lle outorga puntuación.

Dado que a documentación xustificativa das circunstancias ás que se refiren as letras a e b do apartado 1 do artigo 140 da LCSP xa consta no expediente, ben porque foi presentada polo

licitador ou porque formaba parte doutros expedientes (9.241-335 e 9.428-335), e se considera correcta, procede formular proposta de adxudicación a favor de ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, S.L., sen necesidade de clasificar a oferta (cláusulas 18.1 e 2).

Constan no expediente os certificados acreditativos de que o licitador está ao corrente nas súas obrigas tributarias co Concello de Vigo, coa Axencia Tributaria Estatal e Autonómica, así como coa Seguridade Social.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador, ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle ao xefe do servizo xestor e á xefa do Servizo de Contratación ou persoas nas que deleguen. A proposta realizarase a favor do licitador que posúe os dereitos de exclusiva de acordo co artigo 168.a 2º da LCSP.

Con relación á motivación desta adxudicación remitímonos á actas do 29 e 30 de xuño de 2023 de apertura dos sobres A e B, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, S.L. (B-27.786.045) o procedemento negociado sen publicidade para a contratación do artista “PABLO LÓPEZ” (9.692-335) por un prezo total de 127.050,00 euros euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 22.050,00 euros”.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local
Expte. 1501/1102

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(523).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ACTUACIÓN ARTÍSTICA DE "ALEJANDRO SANZ" DENTRO DO "PROGRAMA DE ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE VIGO EN FESTAS 2023". EXPTE. 9693/335.

Visto o INFORME-PROPOSTA de data 30.06.2023, asinado pola técnica de administración xeral do Servizo de Contratación por delegación da xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos e a xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos como instrutora do procedemento por resolución da Concelleira de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal fiscalizado en data 30/06/2023 que literalmente di

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Mediante resolución do 21 de abril de 2023, o concelleiro delegado da Área de Participación Cidadá e Festas resolveu iniciar o expediente de contratación do **SERVIZO DE ACTUACIÓN ARTÍSTICA DE "ALEJANDRO SANZ" DENTRO DO "PROGRAMA DE ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE VIGO EN FESTAS 2023"**.

Segundo.- No expediente tramitado para o efecto consta a seguinte documentación:

- A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP) asinada pola Xefa de Servizo de Festas con data do 09/02/2023 e a resolución do

concelleiro delegado que inicia o expediente (artigo 116 LCSP), de data 21 de abril de 2023.

- Memoria económica, de data 21 de abril de 2023.
- A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), coa resolución da concellería delegada que inicia o expediente (artigo 116 LCSP), de data 21 de abril de 2023.
- Este contrato está incluído no Plan anual de contratación do Concello de Vigo para o exercicio 2023, aprobado pola Xunta de Goberno local na sesión do 30 de decembro de 2022 e publicado no perfil de contratante, dentro do obxecto contractual “Servizo de contratación de actuacións artísticas singulares para “Vigo en Festas 2023”.
- Programa Vigo en Festas 2023, aprobado pola Xunta de Goberno Local o 2 de febreiro de 2023 (expediente 9631-335).
- Convocatoria pública de propostas de actuacións artísticas ou espectáculos para o Programa anual “VIGO EN FESTAS” publicado no perfil de contratante do Concello de Vigo, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público, o 16 de febreiro de 2023.
- Acta da Comisión de valoración das propostas de actuación artística presentadas, de data 14 de marzo de 2023, na que figura para a actuación deste artista a entidade CATEGÓRICA. Na mesma data YMAX PRODUCCIONES, S.L. presenta documentación (documento nº 230066492), entre a que se atopa unha nota aclaratoria na que manifesta que *“Se presentó a través de Categorical Producciones, S.L , empresa asociada con nosotros , pero por motivos de empresa y artista el contrato y la exclusividad de dicha contratación debe realizarse a través de la empresa Ymax Producciones S.L.”*. Este extremo foi aceptado polo Concelleiro delegado de Festas de data 15 de marzo. Consta así mesmo escrito de CATEGÓRICA , de 29 de xuño de 2023, manifestando que *“Que toda la documentación a nombre de CATEGORICA PRODUCCIONES S.L., relacionada con el concierto de ALEJANDRO SANZ se presentó por registro el 14 de Marzo de 2023 con no de registro W879262-5480 y a nombre de YMAX PRODUCCIONES S.L. con C.I.F: B-80596059 por motivos internos de ambas empresas que normalmente colaboran y que conjuntamente decidimos que era la mejor opción. También queremos aclarar que MOW MANAGEMENT es simplemente una marca comercial, la empresa es ALKAZUL S.L. “*

É preciso por de releve, no entanto, que no informe de necesidade, se cita a CATEGÓRICA como contratista, por ser a empresa que presentou inicialmente a documentación.



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local
Expte. 1501/1102

- Revisados os expedientes do Servizo de Festas compróbase que non constan nin outras ofertas para a actuación artística de Alejandro Sanz, nin outras comunicacións, formais ou informais con outros produtores que oferten a actuación do citado artista, diferentes á formulada por YMAX PRODUCCIONES, S.L., obrantes no expediente 9.693-335. Así consta na acta de comprobación da administrativa do servizo, de data 30 de xuño de 2023.
- Consta acreditado no expediente que D. BORJA GONZÁLEZ MARTÍNEZ, ostenta a condición de representante da empresa ALKAZUL, da que é socio único con máis do 25% o artista "ALEJANDRO SANZ, cos poderes que constan na escritura pública de elevación a público dos acordos sociais de ALKAZUL incorporada ao expediente, outorgada ante o Notario D. Pablo de la Esperanza Rodríguez, o 2 de decembro de 2022. Na súa calidade de representante manifesta que cede os dereitos de exclusiva para a realización do concerto do artista no Auditorio de Castrelos o 27 de xullo a YMAX PRODUCCIONES, S.L. Analizado o poder achegado queda acreditada tanto a súa calidade de representante, como que ostenta poderes suficientes para ilo. Na escritura pública de elevación a público dos acordos sociais de ALKAZUL incorporada ao expediente se confire ao sr. González poder para, entre outras cousas, "b) Negociar y suscribir cualesquiera contratos, públicos o privados, y con toda clase de personas físicas y jurídicas, tanto nacionales como extranjeras, incluidas entidades públicas, Estado y Administraciones locales o autonómicas; y en particular aquellos que tengan por objeto la celebración de conciertos, actuaciones o participaciones en espectáculos musicales y artísticos (...), p) Formular manifestaciones, hacer y contestar requerimientos; promover actas notariales e intervenir en ellas".
- Prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 LCSP), de data 10 de maio de 2023.
- Declaración de neutralidade do redactor do prego de prescricións técnicas, de data 10 de maio de 2023.
- Memoria económica de data 21 de abril de 2023, relativa aos seguintes extremos:
 - Xustificación do prezo do contrato, do orzamento base de licitación e do valor estimado do contrato (e o seu método de cálculo) aos que fai referencia o artigo 102 LCSP.
 - Xustificación de que o contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).
 - Forma de aboamento do prezo (artigo 67.2ñ do RLCAP).
- Retención de crédito de data 25 de abril de 2023 (operación nº 202300049424-RC-)

- Memoria xustificativa, de data 31 de maio de 2023, relativa aos seguintes extremos:
 - A xustificación do procedemento elixido (artigo 116.4 LCSP).
 - Xustificación da insuficiencia de medios (artigo 116 LCSP).
 - Xustificación da non división do contrato en lotes (artigo 99.3 da LCSP) e, no seu caso, a xustificación do establecemento de limitacións aos licitadores (artigo 99.4 da LCSP).
 - Xustificación do prazo de duración dos contratos e de execución da prestación (artigo 29 LCSP)
 - Xustificación da solvencia que se esixirá aos licitadores entre os medios previstos nos artigos 87 a 91 LCSP.

 - Xustificación da elección dos criterios de adxudicación e da súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP); así como a xustificación das fórmulas de valoración (artigo 146.2LCSP).

 - Xustificación dos criterios para a consideración de ofertas anormalmente baixas (só cando son distintos aos previstos con carácter xeral nos pregos ou ben no RLCAP).

 - Lugar de entrega do servizo obxecto do contrato (artigo 67,5.f e 67.7.e RLCAP).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP iniciárase polo órgano de contratación. Por resolucións de Alcaldía de delegacións competenciais de data 18/06/2019 e 26/06/2019 e posteriores modificacións, e acordos da Xunta de Goberno Local de datas 20/06/2019 e 04/07/2019, corresponde ao concelleiro delegado da área de Participación Cidadá e Festas o inicio do expediente.

Segundo.- No expediente consta, tal e como prevé o artigo 116.3 do LCSP, o prego de prescricións técnicas particulares redactado pola xefa do Servizo de Festas e o prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola xefa da Área de Contratación Novos Proxectos.

Terceiro.- O procedemento elixido para a contratación é o procedemento aberto procedemento negociado sen publicidade, por canto, de acordo co artigo 168.a 2º LCSP, por motivos relacionados coa protección de dereitos de exclusiva o contrato só pode encomendarse a un empresario determinado.

Consta acreditado no expediente que YMAX PRODUCCIONES, S.L., tal e como se puxo de releve nos antecedentes, ostenta os dereitos de exclusiva para a realización de este concerto.

Efectivamente, consta acreditado no expediente que D. BORJA GONZÁLEZ MARTÍNEZ, ostenta a condición de representante da empresa ALKAZUL, da que é socio único con máis



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local
Expte. 1501/1102

do 25% o artista "ALEJANDRO SANZ, cos poderes que constan na escritura pública de elevación a público dos acordos sociais de ALKAZUL incorporada ao expediente, outorgada ante o Notario D. Pablo de la Esperanza Rodríguez, o 2 de decembro de 2022. Na súa calidade de representante manifesta que cede os dereitos de exclusiva para a realización do concerto do artista no Auditorio de Castrelos o 27 de xullo a YMAX PRODUCCIONES, S.L. Analizado o poder achegado queda acreditada tanto a súa calidade de representante, como que ostenta poderes suficientes para ilo. Na escritura pública de elevación a público dos acordos sociais de ALKAZUL incorporada ao expediente se confire ao sr. González poder para, entre outras cousas, "b) Negociar y suscribir cualesquiera contratos, públicos o privados, y con toda clase de personas físicas y jurídicas, tanto nacionales como extranjeras, incluídas entidades públicas, Estado y Administraciones locales o autonómicas; y en particular aquellos que tengan por objeto la celebración de conciertos, actuaciones o participaciones en espectáculos musicales y artísticos (...), p) Formular manifestaciones, hacer y contestar requerimientos; promover actas notariales e intervenir en ellas".

Cuarto.- Con carácter previo á aprobación do expediente, emitirase informe preceptivo da titular da Asesoría Xurídica (Disposición Adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 da LCSP)

Quinto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (Disposición Adicional 2ª.4 da LCSP). A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto (artigo 117.1 LCSP).

PROPOSTA

Por todo o exposto, e previo informes xurídico favorable e de fiscalización da Intervención Xeral de conformidade co previsto no artigo 116.3 da LCP, e o documento contable, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento negociado sen publicidade e tramitación ordinaria do contrato da prestación do **SERVIZO DE ACTUACIÓN ARTÍSTICA DE "ALEJANDRO SANZ" DENTRO DO "PROGRAMA DE ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE VIGO EN FESTAS 2023"**.

Segundo: Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares do 12 de xuño de 2023, redactado pola xefa do Servizo de Festas, e o prego de cláusulas administrativas particulares do 30 de xuño de 2023, redactado pola xefa da Área de Contratación Novos Proxectos.

Terceiro: Autorizar o gasto por importe de **611.050,00 euros**, sendo o valor estimado do contrato de **505.000,00 euros** con cargo á aplicación orzamentaria **3380.226.0906 (Festas de Vigo)** do programa orzamentario do Servizo de Festas, para o vixente exercicio económico.

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(524).-PROPOSTA DE APROBACIÓN DO MODIFICADO Nº.1 DAS OBRAS DO PROXECTO DE “CONEXIÓN PEONIL ENTRE AS RÚAS SERAFÍN AVENDAÑO E VÍA NORTE NO CONCELLO DE VIGO”. EXPTE. 1200/441.

Visto o informe xurídico 28/06/2023, informe de fiscalización do 30/06/2023 dáse conta do informe-proposta do 21/06/2023 asinado polo técnico de administración xeral e xefe do servizo Administrativo e de Control Orzamentario, a xefa de área de Contratación e Novos Proxectos e o concelleiro delegado de Fomento e Servizos, que di o seguinte:

Antecedentes.

1.- Co obxecto de acadar unha solución singular e relevante para a cidade de Vigo, que permita mellorar a mobilidade transversal, mediante unha estrutura mecánica de acceso, dende a zona litoral de García Barbón e Rosalía de Castro, con alta densidade de poboación, cara a zona máis alta de Vía Norte e Urzaíz, que se atopa condicionada pola localización e potencia das pendentes e das infraestruturas viarias existentes, a Xunta de Goberno Local, en data 19.11.2020, considerou conveniente proceder á convocatoria dun concurso de proxectos, con intervención de xurado, para selección dunha proposta desenvolvida a nivel de anteprojecto, que sirva de base ao correspondente proxecto técnico, básico e de execución das obras necesarias para levar a cabo a conexión peonil entre as rúas Serafín Avendaño no entorno de García Barbón e Vía Norte, e do que resultou gañador Arenas e Asociados Ingeniería de Diseño S.L.P., por acordo da Xunta de Goberno Local de 5 de marzo de 2021 (expte.677/441).

Como resultado deste concurso de proxectos, encadrado na modalidade prevista no artigo 183.2 b) da LCSP, e posterior adxudicación ao gañador do correspondente contrato de servizos de redacción de proxecto básico e de execución -art. 168.d) da LCSP-, a Xunta de Goberno Local na sesión de data 01.06.2021, acordou adxudicar a ARENAS ASOCIADOS



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local
Expte. 1501/1102

INGENIERÍA DE DISEÑO, S.L.P., o procedemento negociado sen publicidade para a contratación de servizos de redacción dun proxecto de conexión peonil entre as rúas Serafín Avendaño e Vía Norte no Concello de Vigo. (expte. 827/441).

O obxecto do devandito contrato comprende, ademais da redacción do proxecto básico e de execución das obras necesarias para levar a cabo a conexión peonil mediante elemento de transporte mecánico entre as rúas Serafín Avendaño no entorno de García Barbón e Vía Norte, entre outras, a Dirección facultativa das obras e a Coordinación de seguridade e saúde durante durante a fase de execución das obras.

2.- Por parte da mercantil ARENAS ASOCIADOS INGENIERÍA DE DISEÑO, S.L.P. preséntase proxecto de obras de “CONEXIÓN PEONIL ENTRE AS RÚAS SERAFIN AVENDAÑO E VÍA NORTE NO CONCELLO DE VIGO”, polo que a Xunta de Goberno Local, previo informe da OSPIO e informe proposta do servizo xestor, en sesión de data 18.02.2022, acordou aprobar o proxecto de “CONEXIÓN PEONIL ENTRE AS RÚAS SERAFIN AVENDAÑO E VÍA NORTE NO CONCELLO DE VIGO”, redactado polo Enxeñeiro de Camiños Canles e Portos Miguel Sacristán Montesinos, cun orzamento base de licitación máis IVE de DOCE MILLÓNS SEISCENTOS SETENTA E SEIS MIL CORENTA E OITO EUROS CON SETENTA E NOVE CÉNTIMOS. (12.676.048,79 €), de data decembro de 2021 e sinatura dixital de data 11.01.2022. (expte. 5220/443).

Asemade, a Xunta de Goberno Local, en sesión de data 1 de abril de 2022, acordou aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de “CONEXIÓN PEONIL ENTRE AS RÚAS SERAFIN AVENDAÑO E VÍA NORTE NO CONCELLO DE VIGO”, e polo tanto aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Xefa do Servizo de Contratación con data 25.03.2022. (expte. 1200/441).

No devandito PCAP se establece, entre outros, que o responsable do contrato é o Xefe do Servizo de Vías, Obras e infraestruturas, ou enxeñeiro que teña atribucións desta xefatura, un prazo de execución das obras de 12 meses, a posibilidade de modificación do contrato no apartado 14 das FEC.

3.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 14 de xuño de 2022, adoptou entre outros o seguinte acordo:

“Adxudicar á UTE FERROVIAL CONSTRUCCIÓN, S.A. - ORECO BALGON, S.A. (A-28.019.206 e A-36.614.691, respectivamente) o procedemento aberto para a contratación das obras de “Conexión peonil entre as rúas Serafín Avendaño e Vía Norte no Concello de Vigo” (Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia - financiado pola Unión Europea - Next Generation EU) (1.200-441), sendo o prezo total do contrato de 12.561.964,35 euros, e a cota correspondente ao IVE de 2.180.175,63 euros.”

Dito contrato foi formalizado en data 13 de xullo de 2022 entre o Concello de Vigo e a mercantil UTE FERROVIAL CONSTRUCCIÓN, S.A. - ORECO BALGON, S.A. (HALO VIGO -U.T.E.).

4.- O Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos, previo informe proposta do servizo xestor e do responsable do contrato, en base ao antedito contrato de servizos (expte. 827-441), e en virtude das delegacións do Decreto de Alcaldía de data 18 de xuño de 2019 e acordos da Xunta de Goberno Local de data 20 de xuño de 2019 , en data 21 de xullo de 2022, acordou aprobar o nomeamento como titular da Dirección Facultativa das devanditas obras ao Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, D. Miguel Sacristán Montesinos, e designar como apoio de coordinación técnica municipal das ditas obras á Enxeñeira de Camiños, Canais e Portos Dña. Fátima Martínez Giráldez e ao Enxeñeiro Industrial D. Óscar Parga Rodríguez. (tte. 10 do expte. 5612/443).



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local
Expte. 1501/1102

5.- Con data 2 de agosto de 2022, pola dirección facultativa da obra e o representante do contratista adxudicatario, asíñase a Acta de comprobación do replanteo, considerándose que os terreos atópanse dispoñibles, a excepción dos terreos sitos na zona das obras de “Urbanización dos espazos intersticiais na estación intermodal de Vigo (T.M. VIGO)”, pero que non afectan neste intre para o comezo dos traballos, dando así comezo ás obras ao día seguinte da firma da mesma. (tte.30 do expte. 5612/443).

Unha vez rematadas as obras “Urbanización dos espazos intersticiais na estación intermodal de Vigo (T.M. VIGO)” e constatada a dispoñibilidade dos terreos afectados polas devanditas obras, pola dirección facultativa da obra e o representante do contratista adxudicatario asinase anexo á acta de comprobación do replanteo en data 23 de xaneiro de 2023, deixando constancia da dispoñibilidade da totalidade dos terreos.

6.- Con data 20 de abril de 2023, a Dirección facultativa da obra, coa conformidade do apoio de coordinación técnica municipal das obras e do responsable do contrato, emite informe no que se solicita o inicio do expediente de modificación do proxecto de obras de “CONEXIÓN PEONIL ENTRE AS RÚAS SERAFÍN AVENDAÑO E VÍA NORTE NO CONCELLO DE VIGO”.

Tendo en conta o anterior, previo informe proposta do servizo xestor do contrato, o Concelleiro delegado da Área de Fomento e Servizos, en data 25.04.2023, resolveu autorizar o inicio do expediente de modificación do proxecto de obras de “CONEXIÓN PEONIL ENTRE AS RÚAS SERAFÍN AVENDAÑO E VÍA NORTE NO CONCELLO DE VIGO”.

7.- Con datas 9 e 12 de de xuño de 2023, previo informe da dirección facultativa e informe proposta do servizo xestor do contrato, o Concelleiro delegado da Área de Fomento e Servizos, acordou autorizar a ampliación de prazo de execución das obras do proxecto de “CONEXIÓN PEONIL ENTRE AS RÚAS SERAFÍN AVENDAÑO E VÍA NORTE NO CONCELLO DE

VIGO” adxudicadas por acordo da Xunta de Goberno Local de data 14 de xuño de 2022, á UTE FERROVIAL CONSTRUCCIÓN, S.A. - ORECO BALGON, S.A. , por un período adicional de dous meses, motivada pola demora nos prazos de entrega dos diversos materiais que constitúen as diferentes unidades de obra, por mor da actual situación socioeconómica excepcional. (tte. 270, expte. 5612-443).

8º.- En data 16 de xuño de 2023, pola Dirección Facultativa da obra emítase informe técnico do proxecto modificado n.º 1 das obras, co seguinte contido:

“(…)

II.- MODIFICACIÓNS

Neste apartado inclúense as modificacións contidas no proxecto modificado n.º 1:

A) MODIFICACIÓNS PREVISTAS SEGUNDO APARTADO 14 DAS FEC:

A.1. Modificacións derivadas das condicións distintas das recollidas en proxecto e da necesidade de adaptación no referente a seguridade vial.

No proxecto recóllese a montaxe da estrutura metálica en tramos izándoos cun guindastre e apoiándoos en torres de apuntalamo provisionais. Unha vez rematada a fase de montaxe da estrutura metálica do HALO, procedeuse ao desmontaxe das guindastres que foron necesarias para o izado dos módulos da devandita estrutura, comprobándose que a afección sobre a calzada, pavimentos e elementos auxiliares é moito maior da prevista no proxecto, polo que é necesario repoñer os pavimentos afectados ao seu estado orixinal, tralo montaxe da estrutura, con maior alcance recollido no proxecto.

Estes viais afectados polo uso dos guindastres de proxecto, comprenden o eixo 13 da autoestrada -acceso tralo túnel da rúa Lepanto-, os accesos á nova Estación de Autobuses, así como a lousa do eixe 14 do falso túnel sobre a que se colocaron bandexas de contrapesos do guindastre. Tratándose de viais pertencentes ao acceso á unha autoestrada e de recente creación, as tarefas de reposición



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local
Expte. 1501/1102

non poder ser dun tramo puntual de afección, senón que teñen que alcanzar o tramo completo afectado polos traballos de montaxe da estrutura, co obxecto de recuperar a superficie afectada ás condicións previas a dita afección, e manter os ramais de acceso das vías en condicións óptimas de seguridade viaria , de acordo coa normativa de aplicación.



Plano reposicións e eixos.

Para realizar estas tarefas de reposición de pavimentos é necesario instalar unha regulación do tráfico mediante semáforos que garantan a convivencia entre os diferentes viais do entorno, no que concorren ata 6 circulacións distintas. Asemade, para poder realizar estes desvíos será necesario demoler parte das barreiras de formigón que permita o paso dos vehículos dun carril a outro, compatibilizando as tarefas de reposición co tráfico viario, minimizando a afección sobre os usuarios.

En consecuencia vese alterado por estas modificacións o seguinte capítulo do orzamento:

03. PAVIMENTOS E URBANIZACIÓN EXTERIOR

B) MODIFICACIÓNS NON PREVISTAS NO PCAP, ARTIGO 205.2.C) DA LCSP; MODIFICACIÓNS NON SUBSTANCIAIS.

B.1. Modificacións no deseño dos elementos mecánicos elevadores

O presente proxecto de obras de “Conexión peonil entre as rúas Serafín Avendaño e Vía Norte no Concello de Vigo” é resultado do concurso de proxectos convocado polo Concello de Vigo do que resultou adxudicatario o equipo de Arenas Asociados, mediante acordo da XGL de data 05.03.2021, no que proxectaba unha estrutura cun deseño específico en forma de anel circular cunha torre vertical de ascensores para materializar a conexión vertical.

As formas e dimensións máximas da torre de 6x6 m están limitadas polo deseño incluído no anteprojecto gañador do concurso, de forma que exista unha relación directa e proporcións adecuadas entre as dimensións da torre e as da pasarela.

A torre debe aloxar no seu interior toda a estrutura de soporte, así como na zona de desembarco superior debe deixar un paso de polo menos 2 m. Como resultado, no proxecto só se puido dispor de dous ascensores cunha capacidade de 15 persoas segundo as solucións de ascensores comerciais para o espazo existente, tendo en conta o espazo necesario para contrapesos, guías, ancoraxes e a evacuación de cabina a cabina cumprindo a normativa de referencia UNE-EN 81-20:2017.

Este novo elemento de conexión vertical entre as rúas de Serafín Avendaño e Vía Norte, non só configura unha conexión específica entre a cuberta do edificio da Estación intermodal de Vialia, e a rúa Serafín Avendaño, senón tamén co conxunto de rúas e a cidade ao Norte. A este corredor súmanse outras actuacións rematadas ou licitadas trala redacción do proxecto HALO, que facilitan e incrementan a mobilidade peonil e ciclista da cidade, aumentando a demanda de conexión e de potenciais usuarios, sendo estas actuacións a Vía Verde de 4 km que utiliza a antiga vía férrea conexionando a cuberta da Estación intermodal co termo municipal de Redondela (Implantación de Vía Verde sobre o antigo trazado ferroviario entre Teis e Urzaiz 2ª fase. Expediente 701-44, a cal foi recepcionada en data 24-11-2022); así como as novas escaleiras mecánicas da rúa Escultor Gregorio Fernández (Execución das obras do proxecto de “Vigo Vertical de implantación de medios mecánicos de transporte peonil na rúa Escultor Gregorio Fernández no Concello de Vigo no marco do PRTR financiado con fondos europeos NEXTGENERATIONEU”. Expediente 1632-441, cuxo proxecto de obras foi aprobado pola XGL en data 03.03.2023, e que actualmente atópase en fase de licitación - aprobación pola XGL do expediente de licitación en data 11.05.2023).

Polo tanto, existe un claro aumento das demandas de mobilidade sostible (peonil, ciclista, VMP, etc) no entorno con data posterior á aprobación do expediente de contratación das obras do devandito proxecto, debido á creación dun corredor mecánico que une a parte baixa coa parte alta da cidade, así como o intenso uso da Vía Verde posta en servizo recentemente.

Na fase de proxecto prevíronse uns espazos libres entre os ascensores e a estrutura, tendo en conta posibles tolerancias na execución da estrutura, reducindo aínda máis o espazo dispoñible para os ascensores. A alta precisión durante a fase de execución reduciu as tolerancias construtivas ao mínimo, permitindo obter mais espazo do previsto para a instalación dos ascensores.

Debido a este notable incremento da demanda prevista, e tras unha análise específica in situ -unha vez executada a estrutura principal do HALO-, foi necesario estudar o incremento da capacidade de transporte desta singular infraestrutura. Tras un traballo de I+D+i desenvolvido entre a Dirección do Proxecto e empresas especializadas do sector, propónse un deseño específico, compacto e único para os elementos mecánicos de elevación, que permita aumentar a súa capacidade de transporte, aproveitando o maior espazo real previsto para a súa instalación e, en consecuencia, aumentando a



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local
Expte. 1501/1102

capacidade prevista das cabinas a 17 persoas, pasando dunha superficie por cabina de 2,45 m² a 2,73 m².

Froito deste novo deseño específico para a estrutura HALO, no que se aumenta a capacidade de transporte das cabinas, considérase necesario incluír un sistema climatización e renovación do aire nas cabinas, para manter as condicións de salubridade e confort dos ocupantes, durante o tempo habitual de viaxe, como ante unha posible parada prolongada ou avaría, onde o tempo de rescate pode ser maior do habitual, debido ao percorrido considerablemente largo que realizan.

Esta climatización non se incluíu na fase de proxecto, non só pola menor capacidade prevista de ascensores, senón porque para incluílo no deseño comercial do ascensor era necesario incluír a instalación nunha estrutura metálica na cuberta que sería visible dende o exterior, afectando visual e esteticamente ao deseño HALO, o que non se consideraba de acordo co deseño gañador do concurso de proxecto. Non obstante, co novo deseño do ascensor desenvolvido especificamente para este caso, a climatización ten cabida dentro do espazo existente na torre, sen modificarse a envolvente externa e polo tanto sen modificar a imaxe exterior do deseño gañador do concurso de proxecto.

Este incremento da capacidade, funcionalidade, salubridade e confortabilidade dos ascensores considérase de interese público, xa que a optimización do espazo tamén afecta á seguridade dos usuarios, xa que haberá menos esperas, e os espazos entre persoas no interior dos equipamentos do ascensor serán maiores, aumentando a distancia interpersonal dos ocupantes e a climatización da cabina asegura as condicións de salubridade e confort no interior das cabinas.

Do mesmo xeito, os ascensores estudados na fase de proxecto incluían un sistema de evacuación de cabina a cabina, xa que non era posible incluír nesta fase un sistema adicional de evacuación normalizado compatible con paradas intermedias das escaleiras de servizo existentes, ao non tratarse dunha solución normalizada.

Non obstante, durante a fase de execución das obras, froito deste mesmo traballo de I+D+I, propónse a viabilidade da instalación de ambos sistemas de evacuación conxuntamente, o que se considera

unha actualización fundamental tanto para a seguridade como para a operatividade, debido á dobre posibilidade de evacuación en caso de rotura, parada ou accidente, constituíndo tamén unha necesidade para a funcionalidade e mantemento, xa que durante unha parada e evacuación é posible realizar a evacuación a través das escaleiras de mantemento, sen ter que parar o servizo do segundo ascensor.

Para a implantación deste sistema de evacuación de cabina a cabina é preciso a instalación de portas automáticas nos topes de evacuación intermedios das escaleiras e a instalación dun elemento de separación e protección entre as escaleiras e os ascensores, xa que agora as escaleiras poden utilizarse como ruta de evacuación, co segundo equipamento de ascensor aínda en funcionamento.

A modo de resumo, propóñense unha serie de actualizacións no deseño dos ascensores, que incrementan a seguridade, funcionalidade, salubridade e confort, e que se consideran especialmente necesarias, dada a elevada demanda esperada, sendo dun claro interese público e que son posibles na fase de execución das obras mediante a fabricación de equipos de elevación personalizados para esta obra, non sendo posible propoñelas na fase de proxecto debido os condicionantes descritos con anterioridade.

En consecuencia vese alterado por estas modificacións o seguinte capítulo do orzamento:

04. ELEMENTOS DE TRANSPORTE MECÁNICO VERTICAL

B.2. Modificacións no sistemas de seguridade e drenaxe

No proxecto están previstos medios de acceso e seguridade para o mantemento da infraestrutura que cumpren a norma de seguridade EN 795:2012, entre os que se inclúe unha liña de vida flexible que permite camiñar na cuberta da pasarela nos traballos de mantemento; e para a limpeza dos cristais prevese o uso de cestos elevadores desde o nivel inferior na rúa Serafín Avendaño, ou dende os viarios inferiores con cortes nocturnos.

Durante a fase de execución da obra, analizados os procedementos específicos de inspección e mantemento de esta infraestrutura tan singular, póñense de manifesto algunhas disfuncionalidades



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local
Expte. 1501/1102

en materia de seguridade, que evidencian riscos evitables, polo que é necesario propoñer unha serie de adaptacións co obxecto de reducir os riscos, prazos e custos nas operacións de mantemento, logrando un mantemento máis sostible e seguro ao longo dos anos, reducindo a súa vez ás afeccións aos usuarios.

En consecuencia, proponse as seguintes modificacións:

- Trocar a liña de vida flexible planificada por unha liña de vida ríxida na marquesiña de Halo, incidindo nunha maior seguridade nos traballos de mantemento da marquesiña. Esta modificación considérase necesaria para realizar a limpeza do vidro desde o bordo exterior da cuberta, xa que a liña de vida ríxida permite realizar traballos descolgándose da cuberta en vertical para poder limpar os vidros, mentres que a flexible só permite traballos en horizontal, evitando deste xeito o uso de cestos elevados, os traballos en horario nocturno e afección e cortes de tráfico sobre os viais que discorren por baixo, salvo naquelas situacións nas que sexa inevitable.*
- Dispor das ancoraxes con pescantes abatibles desmontables, para permitir o descolgue dende a parte superior da torre de ascensores con seguridade, mediante traballos verticais para as labores de limpeza, mantemento ou troco de vidros da torre, previstos no proxecto unicamente mediante cesta elevadora, o que supón un grande aforro de cara ó futuro para as labores de mantemento, incrementando a funcionalidade e a seguridade na xestión dos viais inferiores.*
- Trocar a escaleira de pates prevista na torre de ascensores, para o mantemento da iluminación, por unha escaleira vertical fixa cunha liña de vida ríxida vertical, incrementando a seguridade dos traballos de mantemento, e optimizando as condicións de acceso a estas operacións, permitindo realizar o mantemento sen outros medios auxiliares, e só interrompendo o funcionamento dun dos ascensores.*
- Cambiar o sistema de drenaxe previsto no proxecto, substituíndo o canalón proxectado por outro de maiores dimensións e maior rixidez en aceiro inoxidable que recolle toda a auga de drenaxe, dirixíndoa a unha baixante final na torre do ascensor, evitando cada vez as súas*

conexións con baixantes intermedias cada 15 metros e evitando a necesidade de colectores internos adicionais de difícil acceso e mantemento. Esta solución consegue unha mellor durabilidade e facilidade de mantemento, xa que o canalón é accesible dende a cuberta en todo momento para a súa limpeza. Ademais, a solución do proxecto con baixantes intermedios cada 15 m, durante a fase de execución faise patente que presentaría un problema desde o punto de vista visual e estético, xa que os vidros finalmente desenvolvidos para as fachadas son semitranslúcidos e permiten unha visión parcial a través destes baixantes, sendo parcialmente visibles dende o exterior, o que non é aceptable nin compatible co deseño arquitectónico gañador do concurso de proxectos.

As modificacións propostas como consecuencia dos cambios nos procedementos de inspección e mantemento da estrutura do Halo considéranse necesarias xa que incrementan notablemente as condicións de seguridade, tempo de utilización e accesibilidade dos traballos de mantemento da infraestrutura do HALO, logrando así mesmo un aforro económico nas devanditas operacións, evitando o uso de custosos medios auxiliares como cestos elevadores e reducindo as molestias provocadas polos cortes do tráfico das vías inferiores, evitando así a afectación aos usuarios da autoestrada AP-9, das vías de acceso e saída da estación de autobuses, e da saída do túnel da rúa Lepanto.

Estas modificacións non foron incluídas no proxecto xa que non se puido realizar un estudo pormenorizado in situ coa estrutura principal xa executada, que puxo de manifesto estas disfuncionalidades en materia da seguridade, en relacións ás futuras operacións de mantemento.

En consecuencia vese alterado por estas modificacións os seguintes capítulos do orzamento:

- 01. ESTRUCTURA PRINCIPAL
- 02. CERRAMENTOS E CUBERTA
- 05. 04. DRENAXE

B.3. Modificacións no acabado da fachada solid surface.



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local
Expte. 1501/1102

O proxecto inclúe un acabado de fachada composto por paneis fotocatalíticos Solid Surface con acabado pulido de 150 gr/m². Con posterioridade á aprobación do proxecto, xorden novas pezas comerciais deste material, cunhas características xerais e técnicas equivalentes a nivel de resistencia, pero cunha porcentaxe de pulido superior (pulido de 180 gr/m² en vez de 150 gr/m²).

Este nivel de acabado superficial, cun poro mais pechado do material, logra que o recubrimento sexa autolimpable e non se adhira ningunha sucidade, incidindo notablemente nas condicións de durabilidade, e reducindo os custos de limpeza e mantemento da infraestrutura, polo que considerase necesario instalar o recubrimento da fachada con este nivel de acabado superior, motivado polas difíciles condicións de acceso á fachada da estrutura, para execución das operacións de limpeza e mantemento, nun emprazamento sobre a autoestrada e sobre os viais existentes.

Esta modificación considérase necesaria xa que reducirá as tarefas de mantemento e limpeza da fachada, mediante cestos elevadores, diminuíndo a necesidade de cortes nocturnos de tráfico para este tipo de operacións, e a afección aos usuarios da autoestrada e do resto de vías inferiores, reducindo os custos de mantemento da fachada da estrutura; sendo unha modificación que non foi posible executar ata despois da fase de redacción do proxecto ao non estar dispoñible esta opción material nese momento.

En consecuencia vese alterado por estas modificacións o seguinte capítulo do orzamento:

02. CERRAMENTOS E CUBERTA

B.4. Modificacións no sistema de ancoraxe dos vidros

Os vidros do HALO posúen unhas dimensións excepcionais con ata 4,70 m de altura na pasarela cuberta do anel e 5 m de anchura. Ademais, trátase de vidros soamente apoiados en dúas caras de dimensións excepcionais. Pola súa singularidade saen do ámbito normal de aplicación da normativa española ideada para vidros de dimensións e deformacións menores.

As ancoraxes dos vidros previstos no proxecto son ancoraxes para vidros válidos de acordo coa UNE-EN 16612 Vidros para a edificación. Estes son baseados soamente na técnica de pegado a marco nos bordes dos vidros. Se ben esa solución resulta segura, a longo prazo, no caso de deterioro do material adhesivo, podería chegar a despegarse, nun caso extremadamente excepcional, e caer un vidro sobre a calzada inferior da autoestrada, xa que os vidros non dispoñen de outro medio de ancoraxe adicional.

Durante a fase de obra analízase esta situación e búscanse solucións baseadas noutras normativas internacionais dada a singularidade do proxecto. Así e todo, na norma alemá DIN 18008-1, -2, cando os vidros superan as deformacións máximas maiores a 1/100 da altura entre soportes, requírese unha ancoraxe mecánica que en calquera situación, incluso deformada, manteña un solape co vidro superior a 5 mm, de acordo co apartado 6.1.5 de dita norma. Empregando ancoraxe tanto mecánico como adhesivo estrutural garántese a estabilidade e seguridade a longo prazo, mesmo en situacións excepcionais.

Por estes motivos, considerase necesario basear o deseño de ancoraxes para o vidro exterior na norma alemá e engadir este ancoraxe como medida de seguridade, a pesar de que os ancoraxes do proxecto cumpran coa norma española. O novo sistema de ancoraxe require duns perfís de aluminio en Z e platinas frontais aparafusadas continuas en dúas caras do vidro. Adicionalmente, este tipo de ancoraxe permitirá un mantemento máis óptimo, xa que permitirá desmontar e volver a montar os vidros desparafusando estas platinas dende o exterior, sen ter que desmontar todo o sistema de ancoraxe dos vidros, e de cara ó futuro, en caso de troco ou reparación de vidros, permitira realizar ditas tarefas de forma máis sinxela e segura.

Ademais para garantir o correcto mantemento das luminarias, situadas na pasarela cuberta da estrutura, é preciso dotar os vidros interiores dun perfil con guía reforzada que nos permita abatelos e correlos para garantir o acceso ás luminarias , e para a súa limpeza do mesmo xeito que os vidros exteriores.



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local
Expte. 1501/1102

Polo tanto, propónse unha adaptación da solución do proxecto, que consiste na incorporación de ancoraxes mecánicas adicionais, que garantan a longo prazo, a seguridade en calquera situación, e que a súa vez permitan mellores condicións de montaxe, desmontaxe e mantemento.

Considérase unha modificación necesaria xa que incrementa as condicións de seguridade e mantemento, reducindo os riscos. Esta posibilidade non se considerou na fase de proxecto xa que a solución do proxecto cumpría coa normativa nacional ao respecto; porén durante a fase de execución das obras, dado o carácter singular da estrutura e as excepcionais dimensións dos cristais, analizáronse de xeito minucioso os riscos, co obxecto de adoptar medidas que garantan a estabilidade e seguridade a longo prazo das ancoraxes do vidro en calquera situación, polo que propónse esta modificación, para evitar calquera eventualidade futura ou situación excepcional.

En consecuencia vese alterado por estas modificacións os seguintes capítulo do orzamento:

02. CERRAMENTOS E CUBERTA

III.- OBXECTIVO E PROPOSTA DA MODIFICACIÓN

O órgano de contratación só poderá modificar os contratos cando así se previra nos pregos ou no anuncio de licitación, ou excepcionalmente, nos casos e cos límites establecidos no artigo 205 (artigo 203.2 LCSP).

As modificacións do apartado II.A) encaixan nas circunstancias descritas no apartado 14.C do ANEXO I FOLLA DE ESPECIFICACIÓNS DO CONTRATO (FEC), MODIFICACIÓN DO CONTRATO:

- Que no ámbito afectado polas obras aparezan redes de servizos, construción soterradas, elementos de protección arqueolóxica, condicións xeotécnicas, estado das estruturas e contencións existentes distintas as recollidas no proxecto.*

- *Necesidades de adaptación ó entorno, no referente a servizos urbanos, deseño, esquema funcional ou seguridade vial, sempre e cando este sufra modificacións con posterioridade a data de aprobación do proxecto.*
- *Necesidade de resolver adecuadamente a relación o encontro das obras obxecto deste contrato coa nova Estación Intermodal de Vigo (que inclúe a Estación de Ferrocarril, a Terminal de Autobuses, o centro comercial Vialia e os espazos intersticiais), e deste xeito conseguir unha imaxe unitaria do conxunto de actuacións, de conformidade coa solución aprobada definitivamente polas entidades competentes en cada unha das obras.*

Tendo en conta o anterior, indicar que as modificacións descritas no apartado II. A.1. Modificacións derivadas das condicións distintas nas recollidas en proxecto e da necesidade de adaptación ó novo entorno no referente a seguridade vial, xorden a causa de circunstancias previstas no PCAP da licitación, segundo o citado anteriormente.

Asemade, indicar que hai modificacións que xorden a causa de circunstancias non previstas no PCAP da licitación, e se limitan a introducir as variacións estritamente indispensables e necesarias para obter unha infraestrutura mais segura, funcional e comfortable, conseguindo ademais un mantemento mais eficiente, económico e seguro a longo prazo.

Estas modificacións derivadas da necesidades do apartado II.B., non son substanciais no sentido indicado no apartado 2.c) do artigo 205 da LCSP, xa que a obra resultante coas modificacións descritas non requiren clasificación do contratista diferente á da licitación orixinal, non se introducen unidade de obra novas que representen máis do 50 por cento do orzamento inicial do contrato nin tampouco amplía o ámbito do contrato, xa que coas modificacións non se supera o 15% do prezo inicial do contrato.”

E do cal se extrae o seguinte resumen cuantitativo:

(...)



CONCELLO DE VIGO
 Secretaría de Goberno Local
 Expte. 1501/1102

As variacións recollidas no presente proxecto modificado nº 1 son debidas a modificacións que atenden ás circunstancias recollidas nas FEC (artigo 204 da LCSP)- modificacións do apartado II. A.1-, así como a modificacións non previstas no PCAP, non substanciais (artigo 205.2.c) da LCSP)- modificacións do apartado II.B.1 ao II.B.4- e ás variacións de unidades do mesmo relativas ao incremento / diminución de medicións das unidades existentes conforme ao artigo 242.4 i) da LCSP, e cuantitativamente resultan nun incremento orzamentario respecto ao proxecto orixinal, como se resume na seguinte táboa:

	PROXECTO MODIFICADO N°1	PROXECTO	VARIAC. MEDICIÓNS ART.242.4I	MODIFICACIÓNS ART.205	MODIFICACIÓNS ART.204	DIFERENCIA MOD N°1-PROXECTO
	Importe	Importe	Importe	Importe	Importe	Importe
01 ESTRUCTURA PRINCIPAL	5.435.932,01	4.883.316,18	498.685,41	53.930,42	0,00	552.615,83
02 CERRAMIENTOS Y CUBIERTA	3.641.871,45	2.667.958,24	0,00	973.913,21	0,00	973.913,21
03 PAVIMENTOS Y URBANIZACIÓN EXTERIOR	640.762,81	213.225,21	14.101,66	0,00	413.435,94	427.537,60
04 ELEMENTOS DE TRANSPORTE MECÁNICO VERTICAL	510.728,00	295.510,00	0,00	215.218,00	0,00	215.218,00
05 INSTALACIONES	432.621,77	365.767,07	0,00	66.854,70	0,00	66.854,70
06 ADECUACIÓN DEL DESEMBARCO EDIFICIO VIALIA	68.256,03	68.256,03	0,00	0,00	0,00	0,00
07 URBANIZACIÓN INTERSTICIALES FASE 2	176.299,47	176.299,47	0,00	0,00	0,00	0,00
08 GESTIÓN DE RESIDUOS	56.994,68	35.228,05	21.766,63	0,00	0,00	21.766,63
09 SEGURIDAD Y SALUD	97.862,76	97.862,76	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL E.M.	11.061.328,98	8.803.423,01	534.553,70	1.309.916,33	413.435,94	2.257.905,97
G.G. 13%	1.437.972,77	1.144.444,99	69.491,98			
B.I. 6%	663.679,74	528.205,38	32.073,22			
TOTAL	13.162.981,49	10.476.073,38	636.118,90			
BAJA 0,90%	118.466,83	94.284,66	5.725,07			
TOTAL CON BAJA	13.044.514,66	10.381.788,72	630.393,83			
21%	2.739.348,08	2.180.175,63	132.382,72			
TOTAL CON IVA	15.783.862,74	12.561.964,35	762.776,55	1.869.173,19	589.948,65	3.221.898,39

	<i>PEM</i>	<i>LIQUIDO</i>	<i>% P.E.M orixinal</i>
MODIFICACIONES art. 204 LCSP (modificacións previstas no PCAP)	413.435,94 €	589.948,65 €	4,70%
MODIFICACIONES art.205.2.c) LCSP (modificacións non substanciais)	1.309.916,33 €	1.869.173,19 €	14,88%
VARIACIONES art 242.2 LCSP	534.553,70 €	762.776,55 €	6,07%
TOTAL	2.257.905,97 €	3.221.898,39 €	

”

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

I.- As prerrogativas da modificación dos contratos.- A vixente Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e o do Consello 2014/23/UE 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en adiante, LCSP), establece no seu artigo 190 que o órgano de contratación ostenta a prerrogativa de interpretar os contratos administrativos, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalos por razóns de interese público, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta (artigo 203 LCSP), dentro dos límites e con suxeición aos requisitos e para os efectos sinalados na Lei.

II.- Da modificación dos contratos.- O artigo 203.2 da LCSP contempla que os contratos administrativos celebrados polos órganos de contratación solo poderán modificarse durante a súa vixencia, cando se de algún dos seguintes supostos:

- a) Cando así se teña previsto no prego de cláusulas administrativas particulares, nos termos e condicións establecidos no artigo 204 da LCSP;
- b) Excepcionalmente cando sexa necesario realizar unha modificación que non está prevista no prego de cláusulas administrativas particulares, sempre e cando se cumpran as condicións establecidas no artigo 205.



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local
Expte. 1501/1102

Polo tanto, a LCSP prevé dous supostos de modificación dos contratos (artigos 204 e 205 da LCSP): as modificacións previstas no PCAP e as modificacións non previstas.

III.- As modificacións previstas.- En relación coas modificacións previstas, artigo 204 da LCSP, no apartado 14 das FEC do Prego de Cláusulas Administrativas reitor do contrato, aprobado pola Xunta de Goberno local en data 1 de abril de 2022, establécese a posibilidade de modificación do mesmo nas seguintes circunstancias:

- Aspectos a modificar: as unidades de obra relacionadas relacionadas coa estrutura principal, cerramentos e cuberta, pavimentos e urbanización exterior, elementos de transporte vertical, instalacións, adecuación desembarco edificio vialia, urbanización intersticiais fase 2, xestión de residuos e seguridade e saúde
- Circunstancias que determinan a modificación:
 - Que no ámbito afectado polas obras aparezan redes de servizos, construción soterradas, elementos de protección arqueolóxica, condicións xeotécnicas, estado das estruturas e contencións existentes distintas as recollidas no proxecto.
 - Necesidades de adaptación ó entorno, no referente a servizos urbanos, deseño, esquema funcional ou seguridade vial, sempre e cando este sufra modificacións con posterioridade a data de aprobación do proxecto.
 - Necesidade de resolver adecuadamente a relación o encontro das obras obxecto deste contrato coa nova Estación Intermodal de Vigo (que inclúe a Estación de Ferrocarril, a Terminal de Autobuses, o centro comercial Vialia e os espazos intersticiais), e deste xeito conseguir unha imaxe unitaria do conxunto de actuacións, de conformidade coa solución aprobada definitivamente polas entidades competentes en cada unha das obras.

- Límites da modificación: 20% sobre o prezo do contrato.

De acordo co informe técnico da dirección facultativa no seu apartado II. A), tanto os aspectos a modificar *-Capítulo 3 de Pavimentos e urbanización exterior-* como as circunstancias que determinan a modificación *-condicións distintas das recollidas no proxecto e da necesidade de adaptación no referente a seguridade vial -* teñen o seu encaixe no apartado 14 das FEC.

En canto ao límite da modificación, consta no informe da dirección facultativa no seu apartado VI.- ORZAMENTO, que as modificacións previstas a tenor do disposto no artigo 204 da LCSP ascenden a un total de **589.948,65 euros, supoñendo o 4,70% do prezo do contrato.**

Polo que podemos concluír que a proposta de modificación contemplada no apartado II.A Modificacións derivadas das condicións distintas das recollidas dos proxecto e da necesidade de adaptación no referente a seguridade vial - está comprendida nos supostos de modificación previstos no PCAP.

IV. As modificacións non previstas.- En relación coa posibilidade de modificación regulada no artigo 205 da LCSP, as modificacións non previstas no prego de cláusulas administrativas particulares o que, habendo sido previstas, no se axusten ao establecido no artigo 204, solo poderán realizarse cando a modificación en cuestión cumpra os seguintes requisitos:

- a Que atope a súa xustificación en algún dos supostos que se relacionan no apartado segundo deste artigo.
- b Que se limite a introducir as variacións estritamente indispensables para responder a causa obxectiva que as faga necesarias.

Entre os supostos que eventualmente poderían xustificar una modificación non prevista, sempre e cando esta cumpra tódolos requisitos recolleitos no apartado anterior, figuran os seguintes:



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local
Expte. 1501/1102

- cando as modificacións no sexan substancias.(art.205.2.c da LCSP). Neste caso terase que xustificar especialmente a necesidade das mesmas, indicando as razóns polas que esas prestacións non se incluíron no contrato inicial.

Unha modificación dun contrato considerarase substancial cando teña como resultado un contrato de natureza materialmente diferente ao celebrado nun principio. En calquera caso, unha modificación considerarase substancial cando se cumpra unha ou varias das condicións seguintes:

1.º Que a modificación introduza condicións que, de figurar no procedemento de contratación inicial, permitirían a selección de candidatos distintos dos seleccionados inicialmente ou a aceptación dunha oferta distinta á aceptada inicialmente ou atraerían a máis participantes no procedemento de contratación.

En todo caso considerarase que se dá o suposto previsto no parágrafo anterior cando a obra ou o servizo resultantes do proxecto orixinal ou do prego, respectivamente, máis a modificación que se pretenda, requiran dunha clasificación do contratista diferente á que, no seu caso, esixiuse no procedemento de licitación orixinal.

2.º Que a modificación altere o equilibrio económico do contrato en beneficio do contratista dunha maneira que non estaba prevista no contrato inicial.

En todo caso considerarase que se dá o suposto previsto no parágrafo anterior cando, como consecuencia da modificación que se pretenda realizar, introduciríanse unidades de obra novas cuxo importe representaría máis do 50 por cento do orzamento inicial do contrato.

3.º Que a modificación amplíe de forma importante o ámbito do contrato.

En todo caso considerarase que se dá o suposto previsto no parágrafo anterior cando:

(i) O valor da modificación supoña unha alteración na contía do contrato que exceda, illada ou conxuntamente, do 15 por cento do prezo inicial do mesmo, IVE/IVE excluído, se se trata do contrato de obras ou dun 10 por cento, IVE/IVE excluído, cando se refira

aos demais contratos, ou ben que supere o limiar que en función do tipo de contrato resulte de aplicación de entre os sinalados nos artigos 20 a 23.

(ii) As obras, servizos ou subministracións obxecto de modificación áchense dentro do ámbito doutro contrato, actual ou futuro, sempre que se iniciou a tramitación do expediente de contratación.

Neste caso, a proposta de modificación contemplada no apartado II.B. - modificacións no deseño dos elementos elevadores, nos sistemas de seguridade e drenaxe, no acabado da fachada solid surface e no sistema de ancoraxe dos vidros - atópase contemplada nos supostos do artigo 205.2.c) da LCSP, tal e como se xustifica no informe da dirección facultativa no seu apartado III OBXECTIVO E PROPOSTA DA MODIFICACIÓN, que indica o seguinte:

“(…)

Asemade, indicar que hai modificacións que xorden a causa de circunstancias non previstas no PCAP da licitación, e se limitan a introducir as variacións estritamente indispensables e necesarias para obter unha infraestrutura mais segura, funcional e comfortable, conseguindo ademais un mantemento mais eficiente, económico e seguro a longo prazo.

Estas modificacións derivadas da necesidades do apartado II.B., non son substanciais no sentido indicado no apartado 2.c) do artigo 205 da LCSP, xa que a obra resultante coas modificacións descritas non requiren clasificación do contratista diferente á da licitación orixinal, non se introducen unidade de obra novas que representen máis do 50 por cento do orzamento inicial do contrato nin tampouco amplía o ámbito do contrato, xa que coas modificacións non se supera o 15% do prezo inicial do contrato.

Respecto a xustificación da súa especial necesidade e e razóns polas que ditas prestacións non se incluíron no contrato inicial, cabe dicir que:

- As modificacións propostas no deseño dos elementos mecánicos, indicar que incrementan a seguridade, funcionalidade, salubridade e confort; e que se consideran



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local
Expte. 1501/1102

especialmente necesarias dada a elevada demanda esperada, e que son posibles na fase de execución das obras mediante a fabricación de equipos de elevación personalizados para esta obra, non sendo posible propoñelas na fase de proxecto debido aos motivos descritos no apartado II.B.1 do informe da dirección facultativa.

- As modificacións propostas nos sistemas de seguridade e drenaxe, indicar que se consideran necesarias xa que incrementan notablemente as condicións de seguridade, tempo de utilización e accesibilidade dos traballos de mantemento da infraestrutura do HALO, logrando así mesmo un aforro económico nas devanditas operacións, evitando o uso de custosos medios auxiliares como cestos elevadores e reducindo as molestias provocadas polos cortes do tráfico das vías inferiores, evitando así a afectación aos usuarios da autoestrada AP-9, das vías de acceso e saída da estación de autobuses, e da saída do túnel da rúa Lepanto.

Estas modificacións non foron incluídas no proxecto xa que non se puido realizar un estudo pormenorizado in situ coa estrutura principal xa executada, que puxo de manifesto estas disfuncionalidades en materia da seguridade, en relacións ás futuras operacións de mantemento.

- As modificacións propostas no acabado da fachada solid surface, indicar que se consideran necesarias xa que reducirán as tarefas de mantemento e limpeza da fachada, mediante cestos elevadores, diminuindo a necesidade de cortes nocturnos de tráfico para este tipo de operacións, e a afección aos usuarios da autoestrada e do resto de vías inferiores, reducindo os custos de mantemento da fachada da estrutura; e que esta opción material non estaba dispoñible no mercado na fase de redacción do proxecto, senón que xurde con posterioridade a súa aprobación.
- As modificacións propostas no sistema de ancoraxe dos vidros, indicar que se consideran necesarias xa que incrementa as condicións de seguridade e mantemento, reducindo os riscos. Esta posibilidade non se considerou na fase de proxecto xa que a solución do proxecto cumpría coa normativa nacional ao respecto; porén durante a

fase de execución das obras, dado o carácter singular da estrutura e as excepcionais dimensións dos cristais, analizáronse de xeito minucioso os riscos, co obxecto de adoptar medidas que garantan a estabilidade e seguridade a longo prazo das ancoraxes do vidro en calquera situación , polo que proponse esta modificación, para evitar calquera eventualidade futura ou situación excepcional.

Todas estas modificacións propostas supoñen a introdución de novas unidades de obra que representan un 36% do orzamento inicial do contrato. Así mesmo, as modificacións non previstas ascenden a un total de **1.869.173,19 euros**, supoñendo o **14,88%** do prezo do contrato, tal e como se extrae das seguintes táboas adxuntas:



CONCELLO DE VIGO
 Secretaría de Gobierno Local
 Expte. 1501/1102

CÓDIGO	UD	DESCRIPCIÓN	MEDICIÓN	PRECIO	IMPORTE
PN2.1	UD	AMPLIACIÓN DE CABINA PARA PASAR DE 15 A 17 PERSONAS DE CAPACIDAD POR ASCENSOR	2,00	31.830,00 €	63.660,00 €
PN2.2	UD	CLIMATIZACIÓN PARA CABINA DE ASCENSOR	2,00	19.850,00 €	39.700,00 €
PN2.3	UD	PUERTAS EMERGENCIA DE PLANTA	8,00	8.580,00 €	68.640,00 €
PN2.4	M2	PANEL DOBLE DE ACERO AISLADO Y LACADO EN CIERRE VERTICAL DE HUECO DE ASCENSOR incluso pp de subestructura y anclajes	210,00	205,80 €	43.218,00 €
PN3.1	M2	PANEL DOBLE EN ACERO AISLADO Y LACADO EN CUBIERTA DE PASARELA	478,98	204,80 €	98.095,10 €
PN3.2	M	LÍNEA DE VIDA DE RAIL RÍGIDA EN CUBIERTA, PARA TRABAJOS HORIZONTALES Y VERTICALES DE MANTENIMIENTO. LACADO EN BLANCO	100,00	297,18 €	29.718,00 €
PN3.3	M	CANALÓN DE ACERO INOXIDABLE CON DESARROLLO HASTA 1040 MM	357,55	225,84 €	80.749,09 €
PN4.1	M	ESCALERA DE MANTENIMIENTO DE LUMINARIAS EN TORRE DE ASCENSOR, EN ESTRUCTURA DE ACERO LACADO EN BLANCO	68,00	178,65 €	12.148,20 €
PN4.2	M	LÍNEA DE VIDA VERTICAL PARA ESCALERA DE MANTENIMIENTO EN RAIL	68,00	269,62 €	18.334,16 €
PN4.3	UD	PESCANTE ABATIBLE SOLDADO A ESTRUCTURA DE CUBIERTA	2,00	12.480,00 €	24.960,00 €
PN5.1	M2	FACHADA SOLID SURFACE CON ACABADO PULIDO DE 180 GR/M2, MODULACIÓN A 2,40 M Y FABRICADAS EN TALLER.	4.610,00	490,10 €	2.259.361,00 €
PN6.1	UD	ANCLAJE MECÁNICO PARA SUJECCIÓN VIDRIOS EN ANILLO ESTRUCTURA	661,00	278,78 €	184.273,59 €
PN6.2	M2	PERFIL CON GUÍA PARA SUJECCIÓN CORREDERA	360,00	684,81 €	246.531,60 €
IMPORTE TOTAL DE PRECIOS NUEVOS					3.169.388,75 €
PRESUPUESTO EJECUCIÓN MATERIAL PROYECTO ORIGINAL					8.803.423,01 €
PORCENTAJE DE IMPORTE TOTAL DE PRECIOS NUEVOS SOBRE PEM ORIGINAL					36,00%

	Importe E.M.	Líquido	% respecto do P.E.M orixinal
IMPORTE DE UNIDADES DE OBRA NOVA INTRODUCIDAS (Art. 205.2C 2°, LCSP)	3.169.388,74 €	4.522.530,43 €	36,00%
VALOR DA ALTERACIÓN NA CUANTÍA DO CONTRATO POLAS MODIFICACIÓNS NON PREVISTAS (Art. 205,2C 3°(i) LCSP)	1.309.916,33 €	1.869.173,19 €	14,88%

Tal e como se indica no devandito informe da dirección facultativa, non se cumpren ningunha das tres condicións que cualificarían ditas modificacións de substanciais, e mesmo en termos obxectivos por supoñer un incremento do prezo inferior ao 15% do contrato, conforme ao disposto no propio artigo 205.2. c.i) tería a consideración obxectiva de ser unha modificación non substancial.

Polo que podemos concluír que a proposta de modificación contemplada no apartado II.B - modificacións no deseño dos elementos elevadores, nos sistemas de seguridade e drenaxe, no acabado da fachada solid surface e no sistema de ancoraxe dos vidros - está comprendida nos supostos do artigo 205.2c) da LCSP.

V.- O interese público das modificacións propostas - A dirección facultativa argumenta no seu informe técnico, no apartado VIII CONCLUSIÓN, as razóns de interese público das modificacións propostas ao sinalar o seguinte:

“(…)

As modificacións propostas no presente Modificado n.º 1 das obras de “CONEXIÓN PEONIL ENTRE AS RÚAS SERAFÍN AVENDAÑO E VÍA NORTE NO CONCELLO DE VIGO” non supoñen alteracións dos fins e características básicas do proxecto inicial e son de interese público, xa que son necesarias para a correcta finalización das obras en execución, sendo o obxectivo das mesmas posibilitar a posta en funcionamento da estrutura do HALO, que resolverá os condicionantes de mobilidade peonil entra as Rúas Serafín Avendaño e Vía Norte, dotando á dita estrutura de medidas de seguridade e evacuación mais eficientes, seguras e sostibles no tempo, redundando tamén nun mantemento mais eficaz, seguro e económico:

- *As modificacións derivadas das distintas condicións nas recollidas no proxecto e da necesidade de adaptación ao novo entorno no referente á seguridade vial , descritas*



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local
Expte. 1501/1102

no apartado II.A., resultan de interese público xa que son necesarias para garantir o correcto funcionamento dos viais do eixo 13 da autoestrada e os accesos á nova estación de autobuses, por parte dos diferentes usuarios, en condicións de seguridade viaria.

- *Do mesmo xeito, as modificacións non substanciais indicadas no apartado II.B., constitúen actuacións de interese público xa que con elas búscase unha maior seguridade na estrutura do HALO, así como unha xestión eficiente dos recursos públicos, logrando unha instalación mais segura, funcional, salubre, comfortable e eficiente no tempo, reducindo as tarefas de mantemento, mediante elementos que permiten realizar ditas tarefas de forma mais segura e sinxela e co conseguinte aforro de custes.”*

VI.- Ampliación do prazo de execución do contrato.- O PCAP que rexe o presente contrato recolle na cláusula 26.4.a) que o prazo de execución das obras poderá ser prorrogado polo órgano de contratación en caso de modificación do contrato, sendo o prazo da prórroga o que resulte do proxecto modificado, e non podendo exceder da metade do prazo inicial.

Asemade, o devandito PCAP establece no apartado 4 das FEC, un prazo de execución das obras de 12 meses, contados dende o día seguinte á sinatura da acta de comprobación de replanteo (02.08.2022).

En consecuencia, considerase procedente a ampliación do prazo por cinco (5) mes, tal e como se establece no Proxecto Modificado nº1 e no informe da dirección da facultativa.

VII.- Procedemento para a modificación dos contratos- O procedemento a seguir para a modificación dos contratos figura regulado con carácter xeral no artigo 207 da LCSP,

figurando no artigo 242 do mesmo texto as especificacións propias das modificacións dos contratos de obra.

Tales requisitos son os seguintes:

- 1 Audiencia do redactor do proxecto ou das especificacións técnicas, se estes se tiveran preparado por un terceiro alleo ao órgano de contratación en virtude dun contrato de servizos para que, nun prazo non inferior a tres días, formulen as consideracións que considere convenientes (artigo 191, 207 e 242 da LCSP).
- 2 Informe da Asesoría Xurídica Municipal e fiscalización previa da Intervención Municipal (artigos 191 do LCSP e 102 do RLCAP)
- 3 Ditame preceptivo do Consello Consultivo de Galicia nos casos de modificacións do contrato cando no estivesen previstas no prego de cláusulas administrativas e a súa contía, illada ou conxuntamente, sexa superior a un 20 % do prezo inicial do contrato, IVA excluído, e o seu prezo sexa igual ou superior a 6.000.000 de euros ou cando se formule oposición por parte do contratista (artigo 191 da LCSP)

Os requisitos específicos para os contratos de obras previstos no artigo 242 da LCSP son:

1. Cando as modificacións supoñan a introdución de unidades de obra non previstas no proxecto ou cuxas características difiran das fixadas neste, e non sexa necesario realizar unha nova licitación, os prezos aplicables ás mesmas serán fixados pola Administración, previa audiencia do contratista por prazo mínimo de tres días hábiles. Se este non aceptase os prezos fixados, o órgano de contratación poderá contratalas con outro empresario nos mesmos prezos que tivera fixado, executalas directamente ou optar pola resolución do contrato conforme ao artículo 211 da LCSP.
2. Cando o director facultativo da obra considere necesaria unha modificación do proxecto, e se cumpran os requisitos que a tal efecto regula esta lei, recadará do órgano de contratación autorización para iniciar o correspondente expediente, que substanciarase coas seguintes actuacións:



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local
Expte. 1501/1102

- a Redacción da modificación do proxecto e aprobación técnica da mesma.
- b Audiencia do contratista e do redactor do proxecto, por prazo mínimo de tres días.
- c Aprobación do expediente polo órgano de contratación así como dos gastos complementarios precisos.

Así mesmo, recadarase o informe de supervisión de proxectos no supostos previstos no artigo 235 da LCSP (136.3 do RLCAP).

As modificacións do contrato serán obrigatorias para o contratista e deberán formalizarse conforme ao disposto no artigo 153 (artigo 204, 205, 206 e 242.1 da LCSP). No caso de que a modificación supoña supresión ou redución de unidades de obra, o contratista non terá dereito a reclamar indemnización algunha (art.242.1 da LCSP).

Deberase publicar en todo caso un anuncio de modificación no perfil do contratante do órgano de contratación, no prazo de 5 días desde a aprobación da mesma, que deberá ir acompañado das alegacións do contratista e de tódolos informes que , no seu caso, recadaranse con carácter previo á aprobación, incluídos aqueles aportados polo adxudicatario ou os emitidos polo propio órgano de contratación (artigo 63.3 e 207.3 da LCSP).

Asemade, remitirase copia certificada ao Consello de Contas dentro dos tres meses seguintes á formalización, para o exercicio da función fiscalizadora, sempre que a contía do contrato exceda de 600.000 euros, tratándose de obras (artigo 335 da LCSP).

VIII.- Do reaxuste da garantía definitiva- O artigo 109.3 da LCSP determina que cando, como consecuencia dunha modificación do contrato, experimentase variación o seu prezo, deberá reaxustarse a garantía, para que garde a debida proporción co novo prezo modificado. O reaxuste deberá realizarse no prazo de quince días contados dende a data en que se notifique ao empresario o acordo de modificación.

XIX.- Revisado o expediente administrativo constan todos os requisitos legais preceptivos. Así:

1º.- Consta informe da Dirección Facultativa de data 16.06.2023, xustificativo da necesidade da modificación, do seu interese público, e do cumprimento das esixencias dos artigos 203, 204, 205 e 206 da LCSP así como do apartado 14 das FEC do PCAP reitor do contrato.

2º.- Consta autorización do Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 25 de abril de 2023, en virtude do Decreto de Alcaldía de data 18 de xuño de 2019 e Acordo de Delegación de Competencias da Xunta de Goberno Local nos Concelleiros Delegados de Área de data 20 de xuño de 2019, órgano de contratación conforme ó previsto na Disposición Adicional 2ª da LCSP.

3º.- Respecto ao trámite de audiencia ao redactor do proxecto, que neste caso conforma a propia dirección facultativa das devanditas obras, consta audiencia sen que se formulara, en data 15.06.2023, consideracións ao mesmo. (tte. 557 do expediente dixital).

4º.- Consta o trámite de audiencia ao contratista sobre o proxecto modificado, as modificacións propostas e os novos prezos, e a conformidade deste, en data 15.06.2023. (ttes. 558,559 e 560 do expediente dixital).



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local
Expte. 1501/1102

5º.- Consta informe favorable da Oficina de Supervisión de Proxectos e Asistencia Técnica Municipal de data 16.06.2023. (tte. 562 do expediente dixital)

6º.- Recóllense no proxecto modificado, de acordo co establecido no artigo 160 do RD 1098/2001, de 12 de outubro polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (en adiante RXLCAP) de forma separada as variacións de medicións executadas de acordo ao artigo 242.4 i) da LCSP.

7º.- Non é preceptivo o ditame do Consello Consultivo de Galicia (artigo 191.3.b da LCSP), xa que aínda que o prezo inicial do contrato supera a contía de 6.000.000 euros, as modificacións non previstas non superan o 20% do prezo inicial do contrato

8º.-Tal e como indica o informe da Dirección facultativa a modificación respecta tanto o previsto no artigo 204 como no artigo 205 da LCSP.

9º.- Con carácter previo a súa aprobación polo órgano de contratación debe emitirse:

- Informe da Asesoría Xurídica Municipal
- Informe de Fiscalización da Intervención Xeral

10º.- Unha vez aprobado o mesmo:

- Debe ser formalizado.
- Debe reaxustarse a garantía definitiva ao producirse variación no prezo no prazo de 15 días dende a notificación do acordo de modificación (artigo 109.3 d LCSP)
- Deberá facerse pública a información da modificación (artigo 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e artigo 203.3 da LCSP)

X.- Procede elevar, previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral, a citada proposta á Xunta de de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda da LCSP:

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

1º.- Aprobar o proxecto modificado nº 1 das obras de “CONEXIÓN PEONIL ENTRE AS RÚAS SERAFÍN AVENDAÑO E VÍA NORTE NO CONCELLO DE VIGO” redactado polo director facultativo das obras, o Enxeñeiro de Camiños Canles e Portos D. Miguel Sacristán Montesinos, cun orzamento total que ascende a 15.783.862,74 €, o que supón un gasto adicional líquido por importe de **3.221.898,39 €**, dos cales un 4,70% (589.948,65 €) corresponden a modificacións por causas xustificadas contempladas no artigo 204 da LCSP, un 14,88 % (1.869.173,19 €) a modificacións por causas xustificadas contempladas no artigo 205.2c) da LCSP, e un 6,07% (762.776,55 €) por variacións de medicións segundo o previsto no artigo 242.4. da LCSP.

O citado gasto adicional terá a seguinte distribución por anualidades:

2023	1.196.756,82 €
2024	2.025.141,57 €
TOTAL	3.221.898,39 €

2º.- Autorizar e dispoñer o gasto con cargo á partida orzamentaria 1532 609 00 63 do vixente orzamento 2023 por importe de 1.196.756,82 €

3º.- Asumir o compromiso de dotar no orzamento inicial do exercicio 2024 na partida orzamentaria 1532 609 00 63 crédito por importe de 2.025.141,57 €.



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local
Expte. 1501/1102

4º.-Autorizar a ampliación do prazo da obra en CINCO (5) MESES, de acordo co novo programa de traballo incluído no proxecto modificado nº1 das obras de “CONEXIÓN PEONIL ENTRE AS RÚAS SERAFÍN AVENDAÑO E VÍA NORTE NO CONCELLO DE VIGO”.

5º.- Proceder ao reaxuste da garantía definitiva con carácter previo á formalización do contrato.

6º.- Instar á mercantil UTE FERROVIAL CONSTRUCCIÓN, S.A. - ORECO BALGON, S.A (U10836328), adxudicataria do contrato de obra, á formalización do modificado do mesmo no prazo máximo de 15 días hábiles a contar dende o seguinte ao da recepción da notificación da presente resolución, nos termos do artigo 153 da LCSP, debendo acreditarse con carácter previo á formalización o reaxuste da garantía nos termos do apartado anterior.

7º.- Proceder a publicación dos anuncios da modificación nos termos dos artigos 63.3 e 207.3 da LCSP e e remitir copia certificada do acordo aprobatorio ao Consello de Contas, dentro dos tres meses seguintes á formalización, en cumprimento do artigo 335.2 da LCSP.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(525).-PROPOSTA DE APROBACIÓN DAS LISTAS DEFINITIVAS DE ADXUDICACIÓN, AGARDA E DENEGACIÓN DA CONVOCATORIA DO PROGRAMA MUNICIPAL DE INMERSIÓN EN LINGUA INGLESA “VIGO EN INGLÉS EDICIÓNS 2023”. EXPTE. 44937/332.

Dáse conta do informe-proposta do 28/06/2023 asinado polo técnico do servizo Educación, a xefa do servizo de Educación, a concelleira delegada de Educación e a concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

INFORME-PROPOSTA:

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 03 de marzo de 2023, acordou aprobar as “Bases reguladoras e convocatoria para a adxudicación de prazas para a participación no programa municipal de inmersión en lingua inglesa (VIGO EN INGLÉS 2023) dirixidas ao

alumnado de 3º da ESO de centros educativos do Concello de Vigo sostidos con fondos públicos”

Incorpóranse ao presente expediente as actas da Comisión de Valoración de datas 08 e 28 de xuño de 2023, que promove este Servizo de Educación, correspondentes por unha banda: á proposta de resolución provisional do proceso de baremación das listaxes de seleccionados/as, suplentes e excluídos das prazas para a participación no programa educativo municipal de inmersión en lingua inglesa “Vigo en Inglés Edicións 2023”; e por outra banda, á proposta de resolución provisional das listaxes definitivas de alumnado de 3º de ESO seleccionado, suplente e excluído das prazas para a participación no programa educativo municipal de inmersión en lingua inglesa “Vigo en Inglés Edicións 2023”.

Todo elo, consonte co recollido na base décimo primeira da citada convocatoria “concesión e resolución das prazas”, que indica que unha vez avaliadas as solicitudes de conformidade cos criterios que se determinan na convocatoria, o servizo municipal de educación, elevará unha proposta de resolución á Xunta de Goberno Local, que incluírá unha relación na que se indicarán todos os solicitantes que participan na convocatoria co seu número de solicitude, catro números aleatorios do DNI, puntuación obtida e resolución das prazas, indicando o estado de adxudicada ou denegada con indicación do motivo ou motivos polos que se denega.

O presente expte non supón aprobación ou autorización de gastos, polo que o acordo proxectado no mesmo non se atopa sometido á fiscalización previa.

Asemade, está previsto que con posterioridade á aprobación definitiva da concesión das prazas por parte da Xunta de Goberno Local, o Servizo Municipal de Educación comunique (publicación nota informativa xenérica na web institucional do programa, vía e-mail e vía SMS personalizados) con antelación suficiente a todos os beneficiarios/as o proceso concreto para a aceptación ou renuncia de praza e para efectuar o pagamento da achega familiar asignada naqueles casos que proceda.

Estas relacións de alumnado proposto fixan os parámetros de baremación determinados nas bases da convocatoria aprobadas pola Xunta de Goberno Local en data 03 de marzo de 2023 e determinan asimesmo a puntuación final obtida que condiciona a inclusión dos solicitantes nas listas de adxudicación, agarda e denegación.

Cos criterios de valoración anteriormente mencionados, e tendo en conta a información que obra nos expedientes dos solicitantes, despréndese que os adxudicatarios/as propostos cumpren todos os requisitos esixidos para acceder ás prazas; polo que elabórase proposta de adxudicación e resolución das prazas, e sométese á aprobación da Xunta de Goberno Local, o seguinte ACORDO:



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local
Expte. 1501/1102

PRIMEIRO.- Adxudicar ao alumnado solicitante da rede pública que se relaciona no Anexo I e que aparece ordenado alfabeticamente, 453 prazas do programa educativo municipal de inmersión en lingua inglesa “VIGO EN INGLÉS EDICIÓN 2023”.

SEGUNDO.- Adxudicar ao alumnado solicitante da rede privada-concertada que se relaciona no Anexo II e que aparece ordenado alfabeticamente, 472 prazas do programa educativo municipal de inmersión en lingua inglesa “VIGO EN INGLÉS EDICIÓN 2023”.

TERCEIRO.- Incluir na lista de agarda ao alumnado solicitante que se relaciona no Anexo III e que aparece ordeado por puntuación final obtida e por menor renda per cápita, que pasará a ter a consideración de adxudicatario/a da praza na medida en que se produzan baixas ou renuncias entre os adxudicatarios da rede pública ou rede privada-concertada do programa educativo municipal de inmersión en lingua inglesa “VIGO EN INGLÉS EDICIÓN 2023”.

CUARTO.- Denegar as prazas solicitadas polo alumnado da rede pública que se relaciona como excluído no Anexo IV, que aparece ordenado alfabeticamente e indicando as causas de exclusión que motivan o non cumprimento dos requisitos da convocatoria “VIGO EN INGLÉS EDICIÓN 2023”.

QUINTO.- Denegar as prazas solicitadas polo alumnado da rede privada-concertada que se relaciona como excluído no Anexo V, que aparece ordenado alfabeticamente e indicando as causas de exclusión que motivan o non cumprimento dos requisitos da convocatoria “VIGO EN INGLÉS EDICIÓN 2023”.

SEXTO.- Dispoñer a publicación da relación de alumnado adxudicatario, incluído na lista de agarda e excluído do programa municipal “VIGO EN INGLÉS EDICIÓN 2023” (Anexos I ao V) na páxina web do Concello de Vigo www.vigo.org, na web institucional do programa “Vigo en Inglés”, surtindo esta publicación os efectos da notificación nos termos dispostos no artigo 45.1.b) da LPACAP.

Contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, cabe a interposición de recurso de reposición ante o órgano que o dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á publicación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(526).-ADXUDICACIÓN OU DENEGACIÓN DE PRAZAS NO PROGRAMA DE BOLSAS "CONCELLO DE VIGO" PARA ESTANCIAS LINGÜÍSTICAS NO ESTRANXEIRO PARA ALUMNADO DA ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS DE VIGO ANO 2023. EXPTE. 45025/332.

Visto o informe de fiscalización do 29/06/2023, dáse conta do informe-proposta do 27/06/2023 asinado polo técnico do servizo Educación, a xefa do servizo de Educación, a concelleira delegada de Educación, a concelleira da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medioambiente, Educación, Deportes e Xuventude e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria do 31 de marzo de 2023 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

1.Aprobar as Bases reguladoras da Convocatoria de Bolsas “Concello de Vigo” para Estancias Lingüísticas no Estranxeiro de alumnado da Escola Oficial de Idiomas de Vigo (EOIV), para o ano 2023.

2.Aprobar a autorización de gasto de 175.000.-€ con cargo á partida presupostaria 3260.489.00.10 “Becas estudos internacionais EOIV” do ano 2023, para a cobertura das 100 bolsas “Concello de Vigo” de estancias lingüísticas no estranxeiro de alumnado da EOIV ano 2023.

Incorpóranse ao presente expediente contido das dúas actas de resolución provisional de baremación en xuntanzas mantidas pola Comisión de Valoración celebradas en datas do 02 e 26 de xuño de 2023, coa finalidade de emitir unha proposta de resolución para a adxudicación das bolsas “Concello de Vigo” aos posibles bolseiros/as, consonte co punto décimo primeiro “Concesión e resolución das axudas” das Bases e Convocatoria específica das Bolsas “Concello de Vigo” para a participación en estadías lingüísticas no estranxeiro para o alumnado da Escola Oficial de Idiomas de Vigo, ano 2023.

Coa aplicación dos criterios de valoración que se recollen no punto noveno da referida convocatoria, e facendo constar que da información que obra no seu poder despréndese que os/as bolseiros/as propostos/as cumpren todos os requisitos esixidos para acceder ás bolsas, elabórase proposta de adxudicación e resolución das bolsas “Concello de Vigo” ano 2023 para alumnado da EOIV, e sométese á aprobación da Xunta de Goberno Local, o seguinte ACORDO:

1º.- Adxudicar as 70 bolsas “Concello de Vigo” ao seguinte alumnado beneficiario da Escola Oficial de Idiomas de Vigo (EOIV), desglosados nos idiomas de inglés (14 bolsas) coa asignación económica individual de 1.700.-€, francés (9 bolsas) coa asignación económica individual de 2.000.-€ , alemán (8 bolsas) coa asignación económica individual de 1.700.-€,



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local
Expte. 1501/1102

italiano (17 bolsas) coa asignación económica individual de 1.700.-€, portugués (3 bolsas) coa asignación económica individual de 1.600.-€, xaponés (9 bolsas) coa asignación económica individual de 2.000.-€ e xaponés (10 bolsas) coa asignación económica individual de 1.700.-€

**ALUMNADO DA EOI PROPOSTO COMO BOLSEIRO/A DIRECTO DAS 14 BOLSAS "CONCELLO DE VIGO"
PARA O IDIOMA DE INGLÉS (1700.-€)**

APELIDOS	NOME	DNI	PUNTOS
Sierra Pérez	Álvaro	***5682**	10.00
Riquelme Brevis	Camila	***9093**	9.50
Abalde Freiría	Lorena	***3862**	9.35
Alvarez Luces	Jaime	***1043**	9.35
Estevez Reguera	Maria	***6173**	8.00
Fernandez Aparicio	Elvira	***2155**	8.00
Lopez Gonzalez	Fernando	***3536**	6.85
Tkachenko Kulynych	Svitlana	***5346**	6.35
Vizcaya González	Ruth	***6412**	6.35
Lago González	Isabel	***6270**	6.00
Castro Gómez	Alfonso	***1661**	6.00
Ogando Riande	Pilar	***4362**	5.85
Rodríguez Moreira	Roberto	***3423**	5.70
Domínguez Balirac	Susana	***1897**	5.35

**ALUMNADO DA EOI PROPOSTO COMO BOLSEIRO/A DIRECTO DAS 9 BOLSAS "CONCELLO DE VIGO"
PARA O IDIOMA DE FRANCÉS (2000.-€)**

APELIDOS	NOME	DNI	PUNTOS
Rodríguez González	Darío	***8783**	10.00
Vega Reguera	Antia	***4980**	9.85
Bello Modia	Inés	***3152**	9.35
Porto Galán	Alba	***1881**	9.00
Aguiar Alvarez	Noelia	***6100**	9.00
Tejo Fuentes	Salome	***7398**	7.50
Barreiro Fernández	Servando	***7316**	7.35
Ricoy Martinez	Iriana Thanai	***5838**	6.85
Fernandez Rivera	Sandra Maria	***4369**	6.20

**ALUMNADO DA EOI PROPOSTO COMO BOLSEIRO/A DIRECTO DAS 8 BOLSAS “CONCELLO DE VIGO”
PARA O IDIOMA DE ALEMÁN (1700.-€)**

APELIDOS	NOME	DNI	PUNTOS
Mediavilla Abreu	Sabela	***6015**	11.00
Ovejero Freire	Andrea	***2152**	10.20
Calleja García	María Elena	***8467**	8.85
Martín Fragueiro	Maria Cristina	***7399**	8.70
Yurrita Alvarez	Paloma Viviana	***1762**	8.50
López Ranz	Elena	***8090**	8.00
Fernández González	Helena	***6879**	7.50
Perez Parga	Carlos	***7665**	5.85

**ALUMNADO DA EOI PROPOSTO COMO BOLSEIRO/A DIRECTO DAS 17 BOLSAS “CONCELLO DE VIGO”
PARA O IDIOMA DE ITALIANO (1700.-€)**

APELIDOS	NOME	DNI	PUNTOS
Diéguez Fernández	Belén	***2144**	12.00
Rangone Sueiro	Delfina	***3778**	11.35
Verissimo Perez	Paula Maria	***0048**	10.55
Fresco Treviño	Trinidad	***0160**	9.85
Mora Rocha	Marina	***6224**	9.70
Setién Domínguez	Rebeca	***3479**	9.00
Alonso Diez	Teresa	***4763**	8.85
Dominguez Martinez	Ruth	***7078**	8.85
Mendez Martinez	Gabriel	***3181**	8.85
Adame Moldes	Manuel	***6901**	8.55
Lopez Lopez	Maria Del Mar	***6317**	8.35
Mendez Perez	Jose Luis	***6253**	8.35
Conde Fernández	Jesús	***3061**	8.35
Grande Yañez	Elvira	***1915**	8.20
Posada Argibay	Ricardo	***5317**	7.85
Rodríguez Silva	Benito	***8268**	7.70
Iglesias Fernández	Mª Concepción	***7655**	6.35

**ALUMNADO DA EOI PROPOSTO COMO BOLSEIRO/A DIRECTO DE 3 BOLSAS “CONCELLO DE VIGO”
PARA O IDIOMA DE PORTUGUÉS (1600.-€)**



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local
Expte. 1501/1102

APELIDOS	NOME	DNI	PUNTOS
Alonso Garcia	Maria Diolinda	***7164**	11.00
Becerra Arrojo	Afonso	***7376**	9.20
Bastero Davila	Ana María	***4169**	7.50

**ALUMNADO DA EOI PROPOSTO COMO BOLSEIRO/A DIRECTO DE 9 BOLSAS “CONCELLO DE VIGO”
PARA O IDIOMA DE XAPONÉS (2000.-€)**

APELIDOS	NOME	DNI	PUNTOS
Campos Sánchez	Jorge	***7764**	12.55
Lois Portela	Jose Eugenio	***6203**	11.90
Alén Rodríguez	Antía	***9608**	11.55
Del Río Raíz	Andrés Marcelo	***6236**	11.55
López Campos	Elisa	***2012**	11.20
Parra Cotelo	Paula	***0520**	11.05
Aguiar Araújo	Jorge	***9061**	10.55
Lago Davila	Pedro	***1326**	10.50
Vila Vazquez	Samuel	***5397**	10.35

**ALUMNADO DA EOI PROPOSTO COMO BOLSEIRO/A DIRECTO DE 10 BOLSAS “CONCELLO DE VIGO”
PARA O IDIOMA DE XAPONÉS (1700.-€)**

APELIDOS	NOME	DNI	PUNTOS
Amaro Gómez	Tamara	***8043**	10.20
Collazo Soto	Lucía	***5644**	10.05
Requejo Jorge	Mariló	***6488**	9.85
García López De Luzuriaga	Raquel	***9485**	9.70
Sanchez Alvarez	Magdalena	***9682**	9.70
Coronel Herrera	Ronny Ronal- do	***7398**	9.50
Álvarez Hernández-Cañizares	Patricia	***9095**	9.50
Villar Vázquez	Alba	***8062**	8.55
Abalde Fernández	Carlos	***7208**	8.35
Peña Serna	Jose Manuel	***4757**	7.70

2º.- Excluir aos seguintes alumnos/as solicitantes da Escola Oficial de Idiomas de Vigo (EOIV) polos motivos que se citan.

ALUMNADO DA EOI DENEGADO COMO BOLSEIRO/A DAS BOLSAS “CONCELLO DE VIGO” NO IDIOMA DE INGLÉS

APELIDOS	NOME	DNI	MOTIVO EXCLUSIÓN
Arcay Mallo	Sergio	***5533*	A*
Becerra Arrojo	Afonso	***7376*	C*
Costoya Dominguez	Mauricio	****9227	C*
Costoya Soto	Tania	*2719***	A*
González Covelo	M Teresa	3607****	C*
Martínez Ferreño	Manuel	**4001**	A*
Salmeron Martinez	Antia	**5118**	C*
Táboas Álvarez	Carmen	****6639	C*
Vazquez Morgade	Laura	****4539	B*

ALUMNADO DA EOI DENEGADO COMO BOLSEIRO/A DAS BOLSAS “CONCELLO DE VIGO” NO IDIOMA DE FRANCÉS

APELIDOS	NOME	DNI	MOTIVO EXCLUSIÓN
Romero Campos	Ana	**4660**	C*

ALUMNADO DA EOI DENEGADO COMO BOLSEIRO/A DAS BOLSAS “CONCELLO DE VIGO” NO IDIOMA DE ITALIANO

APELIDOS	NOME	DNI	MOTIVO EXCLUSIÓN
Núñez Freire	Nuria	****3085	C*

*Motivos de exclusión:

- A: por non cumprir o requisito 1.I. recollido na base quinta “beneficiarios e requisitos” da presente convocatoria, que di “*estar empadroado no Concello de Vigo con vixencia mínima dende o 1 de xaneiro de 2022*”
- B: por non cumprir o requisito 1.III. recollido na base quinta “beneficiarios e requisitos” da presente convocatoria, que di “*estar matriculado/a na sede central EOIV de Vigo ou en calquera das súas seccións nos idiomas inglés, francés, alemán, italiano, portugués, xaponés ou chinés no curso 2022-2023*”



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local
Expte. 1501/1102

- C: por non cumprir o requisito 1.IV. recollido na base quinta “beneficiarios e requisitos” da presente convocatoria, que di “*ter aprobados dous cursos oficiais presenciais ou semipresenciais na EOI de Vigo nos últimos 5 anos no idioma no que solicita a bolsa*”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(527).-EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA VIXILANCIA NOCTURNA NAS INSTALACIÓNS DE VIGOZOO DEPENDENTE DA CONCELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE COA PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN. EXPTE. 11758/612.

Visto o nforme de fiscalización do 30/06/2023, dáse conta da PROPOSTA da Mesa de Contratación do 29/06/2023, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

Procedemento aberto para a contratación do servizo de vixilancia nocturna nas instalacións de Vigozoo (11758-612)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de vixilancia nocturna nas instalacións de Vigozoo (11758-612)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 5 de maio de 2023 a Xunta de Goberno local, acordou:

“PRIMEIRO.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria do servizo de vixilancia nocturna nas instalacións de VigoZoo. (exp.11758-612)

SEGUNDO.- Aprobar o prego de prescricións técnicas que rexerá a contratación, redactado polo Director de Réxime Interior de VigoZoo con data 18/03/23 e o

prego de cláusulas administrativas particulares, redactado pola Xefa de Contratación con data 18/04/23.

TERCEIRO.- Autorizar o gasto por un importe máximo de 219.435,89 € €, sendo o importe correspondente ao IVE a soportar pola Administración (38.083,91 €). O financiamento do contrato de subministro será a cargo da partida 3371.227.01.00.

CUARTO.- Abrir o procedemento licitatorio para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.”

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 14 de xuño de 2023 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de vixilancia nocturna nas instalacións de Vigozoo (11758-612) na seguinte orde descendente:

	Licitador
1	SASEGUR, S.L.

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, SASEGUR, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberán acreditar a habilitación profesional esixida no apartado 5G do Anexo I -FEC-*
- 3. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.”*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, SASEGUR, S.L., o día 16 de xuño de 2023, que presenta a documentación requirida o 22 de xuño de 2023, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 29 de xuño de 2023 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local
Expte. 1501/1102

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar SASEGUR, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por SASEGUR, S.L., de acordo co informe de valoración das proposicións avaliáveis mediante xuízo de valor de data 12 de xuño de 2023 e e do acordo da Mesa de Contratación do 13 de xuño de 2023 polo que se outorga ao licitador a máxima puntuación na súa proposición avaliábel a través de fórmula ao abeiro da cláusula 16.3 do PCAP.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a SASEGUR, S.L. o procedemento aberto para a contratación do servizo de vixilancia nocturna nas instalacións de Vigozoo (11758-612) coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do contrato é de 218.824,56 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 37.977,82 euros.*
- b) Propón una bolsa de horas de 150 horas.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(528).-EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SEGURO PRIVADO DAS PERSOAS VOLUNTARIAS DE PROTECCIÓN CIVIL, MEDIANTE ADHESIÓN AO ACORDO MARCO DE MEDIACIÓN DE SEGUROS PRIVADOS DA CENTRAL DE CONTRATACIÓN DA FEMP, LOTE 8 SEGURO COLECTIVO DE ACCIDENTES. EXPTE. 1170/214.

Dáse conta do informe-proposta de data 30/06/2023, asinado pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos, a concelleira-delegada de Contratación e a titular da Asesoría Xurídica, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

-Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).

-Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).

-Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).

-Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

-Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA).

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP), por acordo da súa Xunta de Goberno do 28 de xaneiro de 2014, aprobou a creación dunha Central de Contratación ao amparo do previsto na Disposición Adicional Quinta da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, conforme á redacción dada á mesma polo artigo 1.35 da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local. A Central de Contratación da FEMP réxese polo disposto nos artigos 227 e seguintes da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Segundo.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 17 de febreiro do 2022, acordou:

“PRIMEIRO.- Adherirse á Central de Contratación da FEMP a fin de poder contratar as obras, servizos e subministracións que oferte, de conformidade ás condicións e prezos que se fixen nos correspondentes contratos ou acordos marco que se subscriban entre a dita central e as empresas adxudicatarias dos mesmos.



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local
Expte. 1501/1102

SEGUNDO.- Axustarse ao establecido no Regulamento de Funcionamento da Central de Contratación da FEMP, en concreto, nas cláusulas referentes ao ámbito de aplicación, funcionamento, dereitos e obrigacións das Entidades Locais.

TERCEIRO.- Remitir o presente acordo á FEMP para os efectos oportunos”.

Terceiro.- A Xunta de Goberno Local, en data 4 de marzo de 2022, acordou adherirse ao Convenio marco de mediación de riscos e seguros da central de contratación da FEMP, formalizándose o contrato baseado o 3 de marzo de 2020 con Willis Iberia.

Cuarto.- A FEMP, a través da súa Central de Contratación licitou o Acordo Marco para a contratación de determinados contratos de seguros, dividido en lotes, sendo o lote 8 relativo a “Seguro colectivo de accidentes” .

O citado lote 8 do acordo marco foi adxudicado a AIG EUROPE, S.A, SUCURSAL EN ESPAÑA e a MARKEL INSURANCE SE SUCURSAL EN ESPAÑA o 11 de febreiro de 2021, e formalizouse en documento administrativo o 12 de marzo do mesmo ano, comenzando a súa execución ao día seguinte. Ten un prazo de duración de dous anos e prevé dúas prórroga dun ano de duración cada unha, se ben se prevé que a duración da última prórroga anual poderá ser reducida por acordo entre ambas partes ata un máximo de seis meses. Este contrato foi prorrogado en data 27 de xaneiro de 2023, por un prazo dun ano.

Quinto.- Mediante resolución de 16 de maio de 2023, a Concelleira Delegada da Area de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, acordou o inicio dun expediente de contratación, á vista do Informe xustificativo da necesidade e idoneidade do contrato asinado polo xefe da Área de Seguridade, e propón a adhesión ao citado acordo marco da Central de Contratación da FEMP.

Sexto.- En data 26 de maio de 2023 procedeuse a enviar documento de invitación ás empresas adxudicatarias do lote 8 a través de la plataforma informática da Central de Contratación da FEMP.

Sétimo.- Recibidas as ofertas o 12 de xuño de 2023, dentro do prazo conferido ao efecto, procedeuse a súa valoración pola empresa adxudicataria do contrato baseado de mediación de riscos e seguros, Willis Iberia, conforme aos criterios de adxudicación e a súa ponderación establecidos na cláusula 21.2 do PCAP. O informe de valoración presentouse a través do Rexistro Xeral do Concello o día 16 de xuño e foi anexado ao xestor de expedientes no trámite 13. Á vista do mesmo, o licitador que obtén a maior puntuación é MARKEL INSURANCE.

Oitavo.- Consta no expediente o documento contable de retención de crédito, de data 29 de xuño de 2023:

➤ RC nº 202300138522

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Do expediente de contratación

A celebración de contratos por parte das Administracións Públicas require a previa tramitación dun expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade del contrato.

Se ben a iniciación do expediente de contratación correspóndelle ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o caso de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 da LCSP), delegouse nos concelleiros de Área por acordo da Xunta de Goberno Local de 20.06.2019.

O expediente refírese á totalidade do obxecto, de conformidade co requirido polo artigo 116.2 da LCSP, e incorpora o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas reitores do contrato (artigo 116.3 da LCSP).

No mesmo xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e LCSP) e a xustificación da insuficiencia de medios (artigo 116.4 f). Así mesmo, consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

Constan no expediente os certificados de existencia de crédito de data 28 de febreiro de 2023.

-II-

Do acordo marco

O artigo 218 da LCSP regula sistemas para a racionalización da contratación das administracións públicas, entre os que se atopan os acordos marco.

Mediante os acordos marcos, un ou varios órganos de contratación subscriben, cunha ou varias empresas, as condicións a que se deberán axustar os contratos que pretendan adxudicar durante un período determinado, que non poderá exceder dos catro anos (artigo 219.1 e 2 da LCSP).

Tal e como se indicou nos antecedentes, esta Administración adheriuse á central de contratación da FEMP, a cal subscribiu un acordo marco para a contratación de determinados contratos de seguros. O lote 8 relativo ao seguro colectivo de danos foi adxudicado a AIG EUROPE, S.A, SUCURSAL EN ESPAÑA e a MARKEL INSURANCE SE SUCURSAL EN ESPAÑA o 11 de febreiro de 2021. Este acordo formalizouse o 12 de marzo do mesmo ano, e comezou a súa execución ao día seguinte. Ten un prazo de duración de 2 anos e prevé dúas prórrogas dun ano de duración.



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local
Expte. 1501/1102

A lei esixe os seguintes **requisitos para a adxudicación do contrato baseado nun acordo marco**:

1. A vixencia do acordo marco (artigo 219.3 da LCSP). Para fixar a data relevante para o cumprimento deste requisito a lei distingue dous supostos, que sexa necesario realizar unha licitación para a adxudicación do contrato baseado, ou que non sexa necesaria, como no suposto que nos ocupa. En este segundo caso a data relevante será a da adxudicación do contrato baseado. Do dito despréndese que o acordo marco para a contratación de determinados contratos de seguros da FEMP na actualidade está vixente.
2. Só se poderán subscribir contratos baseados nun acordo marco entre as empresas e os órganos de contratación que fosen orixinariamente partes nel, salvo no caso de que se trate de acordos marco realizados por centrais de contratación (artigo 221.1 en relación co artigo 227.4 da LCSP). Neste caso, poderanse subscribir contratos baseados entre as empresas e entes do sector público parte do acordo marco, así como por outros entes do sector público, sempre que os ditos entes, entidades ou organismos se identificasen no prego regulador do acordo marco, e se fixese constar esta circunstancia na convocatoria de licitación, como acontece no presente caso.
3. A remisión do correspondente anuncio á Oficina de Publicacións da Unión Europea, no caso de que se trate de contratos suxeitos a regulación harmonizada, no prazo de trinta días desde a súa formalización (artigo 220.2 da LCSP).
4. A súa publicación no perfil de contratante do órgano de contratación (artigo 220.2 da LCSP).

Tal e como determina o artigo 36.3 da LCSP os contratos baseados nun acordo marco se perfeccionan coa súa adxudicación.

-III-

COMPETENCIA

A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP).

É preceptivo, con carácter previo á aprobación do expediente de contratación, o informe da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), e a fiscalización previa.

ACORDO

Por todo o exposto, e unha vez incorporados ao expediente informe da titular da asesoría xurídico, e o informe de fiscalización, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

“Primeiro.- Aprobar o presente expediente de contratación do seguro privado das persoas voluntarias de Protección Civil, mediante adhesión ao acordo marco de mediación de seguros privados da Central de Contratación da FEMP, lote 8 seguro colectivo de accidentes.

Segundo.- Autorizar o gasto por importe total 2.150 € (exento de IVE), segundo consta na memoria económica do servizo xestor.

Terceiro.- Adxudicar o contrato baseado no Acordo Marco de mediación de seguros privados da Central de Contratación da FEMP, lote 8 seguro colectivo de accidentes, adxudicado pola Central de Contratación da FEMP a MARKEL INSURANCE SE SUCURSAL EN ESPAÑA o 11 de febreiro de 2021, e formalizado en documento administrativo o 12 de marzo do mesmo ano, de acordo coa oferta formulada:

- **Prima: 2.150 €**
- **Aumento do límite máximo de indemnización como consecuencia dun único sinistro de 10.000.000 €.**
- **Redución na prima mínima de emisión de 180 €.**

Cuarto.- No presente contrato baseado non se esixe garantía definitiva ao adxudicatario por canto a depositou na FEMP consonte ao previsto na cláusula 14 do prego de cláusulas administrativas que rexe o acordo marco de mediación de seguros privados da Central de Contratación da FEMP.

Quinto.- O contrato baseado iniciarase en data 1 de xullo de 2023.

Sexto.- Imputarase á aplicación orzamentaria dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo 1350 2240000 e con cargo á bolsa de vinculación.

Sétimo.- Nomease responsable do contrato baseado o xefe da área de Seguridade.

Oitavo.- Ordenar a súa publicación no perfil do contratante, e a remisión do correspondente anuncio á Oficina de Publicacións da Unión Europea, por tratarse dun contrato suxeito a regulación harmonizada.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(529).- PRÓRROGA NA APLICACIÓN DAS BONIFICACIÓNS SOBRE A TARIFA DO ANO 2023 ACORDADAS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN DO 30/12/2022 PARA A REDUCIÓN DO PREZO DO BILLETE A USUARIOS HABITUAIS. EXPTE. 4284/449.



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local
Expte. 1501/1102

Visto o INFORME-PROPOSTA do 29/06/2023, asinado pola xefa do servizo de Transportes, o xefe da Área de Investimentos e o concelleiro da Área de goberno de Fomento e Servizos fiscalizado en data 30/06/2023 que literalmente di:

I.- ANTECEDENTES:

Primeiro.- En data 16 de setembro de 1994 o Pleno do Concello de Vigo adjudicou a Viguesa de Transportes, S.A. (en adiante VITRASA), a concesión de transporte urbano colectivo de viaxeiros por un prazo de 25 anos, prorrogables por períodos de cinco anos e ate un límite de 35 anos.

Segundo.- En data 5 de xuño de 2020, a XGL aprobou unha prórroga deste contrato por un período de 5 anos a partir do día 8 de xuño de 2020.

Terceiro.- Na data 30 de decembro, a XGL aprobou a revisión de tarifas do servizo público regular do transporte urbano colectivo de viaxeiros para o ano 2023 fixando como prezos da tarifa base subvencionadas para o ano 2023 as seguintes:

	Con IVE		Acheга máxima Concello	
	Tarifa base	Tarifa base subvencionada PASSVIGO	Diferenza coa tarifa base con IVE	Diferenza coa tarifa base sen IVE
Venta contado	1,49 €	No aplica	0,00 €	0,0000 €
PassVigo - Billete normal	1,49 €	0,98 €	0,51 €	0,4636 €
PassVigo - Billete estudante	1,49 €	0,94 €	0,55 €	0,5000 €
PassVigo - Billete Pensionista I	1,49 €	0,00 €	1,49 €	1,3545 €
PassVigo - Billete Pensionista II	1,49 €	0,00 €	1,49 €	1,3545 €
PassVigo - Billete Universitario	1,49 €	0,74 €	0,75 €	0,6818 €
PassVigo - Billete social	1,49 €	0,78 €	0,71 €	0,6455 €
Persoas mobilidade reducida que utilicen cadeira de rodas e o seu acompañante				Billete grauíto

Asi mesmo aprobou a bonificación para a nova tarifa durante a vixencia das axudas recollidas no Real Decreto-Lei 20/2022, do 27 de decembro, publicado no BOE de data 28/12/2022, sobre medidas de resposta ás consecuencias económicas e sociais da guerra de Ucraína e apoio á reconstrución da illa da Palma e outras situacións de vulnerabilidade. Este Real decreto se orienta a conter os prezos e apoiar os cidadáns e empresas máis afectados en cinco ámbitos

principais entre os que se atopa os sistemas de bonificación no transporte publico colectivo, para o período 01-01-2023 até 30-06-2023 nas seguintes contías :

Tarifas bonificadas ata o 30/06/2023

	Con IVE		Bonificación do 50 %		Nova tarifa subvencionada
	Tarifa base	Nova Tarifa base subvencionada (*)	Bonificación Concello (20%)	Bonificación Estado (30 %)	
Venta contado	1,49 €	1,49 €			Non aplica
PassVigo - Billete normal	1,49 €	0,98 €	0,20 €	0,29 €	0,49 €
PassVigo - Billete estudante	1,49 €	0,94 €	0,19 €	0,28 €	0,47 €
PassVigo - Billete Pensionista I	1,49 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
PassVigo - Billete Pensionista II	1,49 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
PassVigo - Billete Universitario	1,49 €	0,74 €	0,15 €	0,22 €	0,37 €
PassVigo - Billete social	1,49 €	0,78 €	0,16 €	0,23 €	0,39 €

II.- PROPOSTA DE PRORROGA DA APLICACIÓN DAS TARIFAS BONIFICADAS E PROPOSTA DE SOLICITUDE DAS AXUDAS CONVOCADAS POLO MINISTERIO DE TRANSPORTES MOBILIDADE E AXENDA URBANA PARA O PERÍODO 1 DE XULLO – 31 DE DECEMBRO 2023.

O BOE de data 29/06/2023 publico o Real Decreto-Lei 5/2023, de 28 de xuño de 2023, polo que se adoptan e prorrogan determinadas medidas de resposta ás consecuencias económicas e sociais da guerra de Ucraína e apoio á reconstrución da illa da Palma e outras situacións de vulnerabilidade.

Este Real decreto se orienta a conter os prezos e apoiar os cidadáns e empresas mais afectados en cinco ámbitos principais entre os que se atopa os sistemas de bonificación no transporte publico colectivo, establecendo un sistema de axudas directas correspondentes o segundo semestre do ano 2023.

Esta axuda permitira bonificar o 30% do prezo do transporte urbano de competencia municipal en aqueles municipios que acorden unha bonificación adicional do 20%, acadando unha bonificación do 50% no prezo para os viaxeiros habituais. Esta proposta desenvólvese nos artigos 160 a 166 do citado RD-L.



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local
Expte. 1501/1102

De forma específica debese destacar:

- **Beneficiarios:** Serán beneficiarias do sistema de axudas as entidades locais que presten servizo de transporte colectivo urbano.
- **Período:** dende o 1 de xullo de 2023, con vixencia ata o 31 de decembro de 2023, unha redución do prezo dos abonos e dos billetes multiviaxe, excluído o billete de ida e volta, dos servizos de transporte terrestre da súa competencia, nunha porcentaxe mínima de 50% sobre o prezo habitual.
- No caso de que a implantación efectiva sexa posterior ao 1 de xullo e non supere o 1 de agosto de 2023, deberán habilitar un procedemento de devolución ou compensación das cantidades que correspondan á compra de billetes multiviaxe, excluído o de ida e volta, quen non puidese beneficiarse da redución ou, no seu defecto, descontarse a parte proporcional da axuda a percibir polos días de xaneiro que non se executara o desconto.
- **Obrigas:** As entidades locais deberán financiar, con cargo aos seus propios orzamentos, o desconto de polo menos un 20% no prezo dos abonos e dos multiviaxes, excluído o billete de ida e volta.
- **Aplicación da achega do Estado:** Os posibles beneficiarios presentarán unha solicitude antes do 31 de xullo de 2023 na Sede Electrónica do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, cubrindo o formulario electrónico que se pon á súa disposición para o efecto e no que, necesariamente, deberán incluír a conta bancaria na que queren que se realice o pagamento.

A solicitude deberá incluír, en todo caso, o compromiso de implantar, dende o 1 de xullo ata o 31 de decembro de 2023, unha rebaixa no prezo dos abonos e dos billetes multiviaxe de polo menos o 50 % nos termos do artigo 161 e a financiar con cargo aos seus propios orzamentos a cantidade que resulte necesaria para compensar ás entidades e operadores de transporte pola aplicación da bonificación e os gastos a que se refire o artigo 165, que ven a indicar que as cantidades percibidas polas entidades locais con cargo aos complementos de crédito que se autorizan deberán destinarse exclusivamente ao financiamento da prestación do servizo de transporte público urbano e, en todo caso, á compensación das entidades e operadores de transporte que realicen os descontos efectivos pola perda de ingresos que supuxo a implantación da medida.

Esta compensación cubrirá, polo menos, os menores ingresos obtidos durante os seis meses de aplicación do desconto, os gastos de execución da medida e os

gastos financeiros en que se puidese incurrir, polo procedemento que acorde cada administración.

Todo isto, coas limitacións que se establezan por Orden Ministerial da persoa titular do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana.

A vista dos condicionantes establecidos no RD-L 5/2023, e tendo en conta que o mesmo será desenvolto cos condicionantes que estableza a correspondente Orde Ministerial do titular do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, corresponde o Concello de Vigo como titular do servizo municipal de transporte urbano colectivo de viaxeiros, tomar as medidas adecuadas que posibiliten a prorroga da aplicación deste sistema de bonificacións os viaxeiros habituais a través do sistema de tarxeta moedeiro PASSVIGO, para o período do 1 de xullo de 2023 o 31 de decembro de 2023

Esta proposta ten por obxecto axilizar o procedemento de aplicación para o 1 de xullo do ano 2023, posibilitando manter a rebaixa no prezo do billete para os viaxeiros habituais e garantindo o compromiso que debe afrontar o Concello de Vigo sobre a obriga de financiar, con cargo aos seus propios orzamentos, o desconto de polo menos un 20% no prezo dos abonos e dos multiviaxes.

A vista da proposta de prorroga da bonificación do 50% sobre as tarifas dos sistemas multiviaxes aplicados coa tarxeta moedeiro PASSVIGO, o custe da parte bonificada polo Concello de Vigo que correspondese co porcentaxe do 20 % para o segundo semestre do ano 2023, ten as seguintes estimacións:

Atendendo os datos reais de usos reais ata o 27/06/2023 e a estimación total do primeiro semestre do ano 2023, os datos indican a seguinte referencia:

	Estimación viaxeiros 2023 (ano completo)	Estimación viaxeiros 01/01/2023-30/06/2023	Previsión revisada 1er semestre 2023
Venta contado	3.831.789	1.915.895	1.279.839
Billete normal - PASSVIGO	7.523.404	3.761.702	4.105.870
Billete estudante - PASSVIGO	656.744	328.372	410.421
Billete Pensionista - PASSVIGO	1.408.815	704.408	591.790
Billete Pensionista II - PASSVIGO	2.674.345	1.337.173	1.192.443
Billete Universitario - PASSVIGO	769.636	384.818	423.141
Billete social – PASSVIGO	41.975	20.988	19.875
Total viaxeros ano	16.906.708	8.453.354	8.023.379
Total viaxes ano PASSVIGO	13.074.919	6.537.460	6.743.540



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local
Expte. 1501/1102

De acordo cos datos do primeiro semestre se pode axustar a estimación do segundo semestre (período 1 de xullo – 31 de decembro) de acordo cos seguintes datos:

	Estimación inicial viaxeiros 2023 (ano completo)	Estimación viaxeiros revisada para total 2023	Previsión 2º semestre 2023
Venta contado	3.831.789	2.692.647	1.412.808
Billete normal - PASSVIGO	7.523.404	8.763.322	4.657.452
Billete estudante - PASSVIGO	656.744	815.483	405.062
Billete Pensionista - PASSVIGO	1.408.815	1.164.186	572.396
Billete Pensionista II - PASSVIGO	2.674.345	2.411.763	1.219.320
Billete Universitario - PASSVIGO	769.636	857.964	434.823
Billete social – PASSVIGO	41.975	42.171	22.296
Total viaxeros ano	16.906.708	16.747.535	8.724.156
Total viaxes ano PASSVIGO	13.074.919	14.054.888	7.311.348

Cálculos económicos en relación a aplicación desta nova bonificación do 20 % nos prezos dos sistema de multiviaxes regulados a través da Tarxeta PASSVIGO:

No expediente de aprobación de tarifa (3951/449) foi cuantificado a estimación total de gasto coa previsión de 16.906.708 viaxeiros, aplicando o incremento de tarifa a parte da subvención municipal destinada o usuario cun importe estimado total de 11.689.255,27 € incluíndo os custes da facturación dos servizos de lanzadeiras a Universidade e o Hospital.

A vista da actualización dos datos, as obrigas económicas estimadas coa hipótese da previsión de viaxeiros actualizada neste expediente a 16.747.353, así como a aplicación do calculo da previsión para o período de aplicación das bonificacións extraordinarias do 50 % para o período 01/01/2023 o 30/06/2023, e a proposta estimada para o período 1 de xullo – 31 de decembro 2023 ascenden os seguintes importes:

Datos revisados en relación o primeiro semestre:

	Previsión revisada 1er semestre 2023	Importe bonificación Concello S/IVE		Importe bonificación Estado S/IVE	
Billete normal -	4.105.870	0,1818 €	746.521,82 €	0,2636 €	1.082.456,64 €

Billete estudante -	410.421	0,1727 €	70.890,90 €	0,2545 €	104.470,80 €
Billete Pensionista I -	591.790	0,0000 €	0,00 €	0,0000 €	0,00 €
Billete Pensionista II -	1.192.443	0,0000 €	0,00 €	0,0000 €	0,00 €
Billete Universitario -	423.141	0,1364 €	57.701,05 €	0,2000 €	84.628,20 €
Billete social –	19.875	0,1455 €	2.890,91 €	0,2091 €	4.155,68 €
			878.004,67 €		1.275.711,32 €

Estimación de custe para o segundo semestre: 1 de xullo – 31 de decembro:

	Previsión nº viaxes	Importe bonificación Concello S/IVE		Importe bonificación estado S/IVE	
Billete normal -	4.657.452	0,1818 €	846.809,47 €	0,2636 €	1.227.873,74 €
Billete estudante -	405.062	0,1727 €	69.965,19 €	0,2545 €	103.106,60 €
Billete Pensionista I -	572.396	0,0000 €	0,00 €	0,0000 €	0,00 €
Billete Pensionista II -	1.219.320	0,0000 €	0,00 €	0,0000 €	0,00 €
Billete Universitario -	434.823	0,1364 €	59.293,99 €	0,2000 €	86.964,52 €
Billete social –	22.296	0,1455 €	3.243,05 €	0,2091 €	4.661,89 €
			979.311,71 €		1.422.606,74 €

Revisión da aplicación dos custes das lanzadeiras “Hospital e Universidade”:

Facturación dos 5 primeiros meses do ano 2023:

	Hospital – Alvaro Cunqueiro	Universidade
Xaneiro	62.473,30 €	101.310,84 €
Febreiro	48.088,98 €	77.002,66 €
Marzo	56.167,40 €	121.735,46 €
Abril	53.466,29 €	90.395,69 €
Maio	46.220,46 €	84.608,10 €
	266.416,43 €	475.052,75 €

A estimación para o ano 2023 poderá ser minorada coa prudencia da tendencia dos datos rebaxando a cifra inicial a unha estimación de 1.500.000,00 €

Resumen dos cálculos económicos:



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local
Expte. 1501/1102

- 1.- Cálculos das obrigas económicas para o Concello de Vigo sobre a estimación de viaxeros do ano 2023 en relación os custes de aplicación das bonificacións sobre as tarifas vixentes para o ano 2023:

a.- Aplicación das bonificacións base da tarifas para o ano 2023:	9.926.715,77 €
b.- Aplicación dos custes das lanzadeiras Hospital e Universidade	1.500.000,00 €
c.- Aplicación da Bonificación extraordinaria do 20 % do Concello de Vigo para o cumprimento das obrigas derivadas do RD-L 20/2022 período 01/01/2023 / 30/06/2023	878.004,67 €
d.- Aplicación da Bonificación extraordinaria do 20 % do Concello de Vigo para o cumprimento das obrigas derivadas do RD-L 20/2022 periodo 01/07/2023 / 31/12/2023	979.311,71 €
Total:	13.284.032,15 €

A previsión dos gastos derivado dos importes subvencionados os usuarios dos diferentes perfís indicados no cadro anterior de acordo a proposta de prorrogar a bonificación extraordinaria, para o período 01/07/2023 o 31/12/2023 de acordo coa hipótese de viaxeiros do ano 2023, ascende a unha estimación 979.311,71 €, Dito gasto será de aplicación os créditos previstos no orzamento 2023 na aplicación 4411.470.00.01 e a bolsa de vinculación.

- 1.- Cálculos sobre o alcance económico da aplicación da achega do Estado sobre o 30 % da tarifa:
- a) Con data 6 de xuño de 2023, foi publicada a Resolución da Dirección Xeral de Transporte Terrestre, de outorgamento das achegas directas o transporte público terrestre urbano e interurbano nol ámbito local reguladas polo Real Decreto-lei 20/2022, outorgando o Concello de Vigo unha axuda polo importe de 1.815.945,59 €.
 - b) Aplicación da Bonificación extraordinaria do 30 % do Estado para completar a bonificación do 50 % - RD-L 05/2023. Período 01/07/2023 / 31/12/2023, (sen IVE 1.422.606,74 €)

Considerando que a proposta que se formula e a prorroga das bonificacións sobre a tarifa do ano 2023 acordadas na Xunta de Goberno Local na sesión de 30 de decembro de 2022, así como a solicitude de subvención regulada polo Real decreto lei 5/2023, do 28 de xullo, relativo a axudas ao transporte urbano, a competencia para a súa aprobación, corresponde a Xunta de Goberno Local.

Tendo en conta o até aquí exposto, fórmulase o seguinte informe-proposta para a súa posterior remisión á Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Municipal , para a adopción do seguinte :

ACORDO

PRIMEIRO: Aprobar o compromiso de implantar os descontos aos que se fai referencia no Real decreto lei 5/2023, do 28 de xullo de 2023, relativo ás axudas ao transporte urbano nos termos e contías establecidos para a aplicación final dunha bonificación do 50 %, sobre os importes dos abonos aplicados a través da tarxeta moedeiro PASSVIGO, para o período do 01/07/2023 o 31/12/2023, aceptando o cumprimento das obrigas contidas no citado R.D.

SEGUNDO: Aprobar a continuidade das bonificacións sobre a tarifa do ano 2023 acordadas pola Xunta de Goberno Local na sesión do 30/12/2022, para implantar os descontos aos que se fai referencia no Real decreto lei 05/2023, do 28 de xullo, para o período 01/07/2023 o 31/12/2023, de acordo coas seguintes contías:

	Con IVE		Bonificación do 50 %		
	Tarifa base	Tarifa base subvencionada ano 2023 PASSVIGO	Bonificación Concello (20%)	Bonificación Estado (30 %)	Nova tarifa subvencionada
Venta contado	1,49 €	Non aplica	Non aplica	Non aplica	Non aplica
PassVigo - Billete normal -	1,49 €	0,98 €	0,20 €	0,29 €	0,49 €
PassVigo - Billete estudante -	1,49 €	0,94 €	0,19 €	0,28 €	0,47 €
PassVigo - Billete Pensionista I -	1,49 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
PassVigo - Billete Pensionista II -	1,49 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
PassVigo - Billete Universitario -	1,49 €	0,74 €	0,15 €	0,22 €	0,37 €
PassVigo - Billete social -	1,49 €	0,78 €	0,16 €	0,23 €	0,39 €

TERCEIRO: A previsión dos gastos derivado dos importes subvencionados os usuarios dos diferentes perfís indicados no cadro anterior de acordo a proposta de prorrogar a bonificación extraordinaria, para o período 01/07/2023 o 31/12/2023 de acordo coa hipótese de viaxeiros do ano 2023, ascende a unha estimación 979.311,71 €, Dito gasto será de aplicación os créditos previstos no orzamento 2023 na aplicación 4411.470.00.01 e a bolsa de vinculación.

CUARTO: Delegar no Segundo tenente de Alcalde e Concelleiro da área de Goberno de Fomento e Servizos, D. Francisco Javier Pardo Espiñeira a competencia para a formalización da solicitude de subvención regulada polo Real decreto lei 5/2023, do 28 de xullo, relativo a axudas ao transporte urbano nos termos e contías



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local
Expte. 1501/1102

establecidos e de acordo ao compromiso indicado no punto primeiro e segundo deste acordo.

Dita delegación alcanza para todos os efectos, a conformación final do contido da documentación obrigatoria, así como a execución de todos trámites administrativos necesarios que requira a presentación da mesma mediante o formulario que para ese efecto se estableza na Sede Electrónica do Ministerio de Transporte, Mobilidade e Axenda Urbana.

QUINTO: Dar traslado do presente acordo á concesionaria do servizo de transporte urbano colectivo (Víguesa de Transportes. SL) para que estableza os procedementos necesarios no sistema de cobro a través da tarxeta PASSVIGO, co obxecto de ter operativo o procedemento de cobro coa aplicación da tarifa bonificada polo MITMA para o período comprendido desde o 1 de xullo do 2023 ao 31 de decembro de 2023, quedando obrigada a dar cumprimento os requisitos de seguimento, información e comunicación requiridos no desenvolvemento do Real Decreto Lei de aplicación, así como nas que se establezan por Orden Ministerial da persoa titular do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(530).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DUNHA PÓLIZA DE SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL E PATRIMONIAL DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO E SEUS ORGANISMOS AUTÓNOMOS. EXPTE. 21714/240.

Visto o informe xurídico e de fiscalización do 30/06/2023, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado polo Xefe do Servizo de Patrimonio, a Xefa da Área Xestión Patrimonial e Territoria, a ceconcelleira da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude e o Concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN::

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público. (LCSP)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto - Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Terceira Tenente de Alcalde e Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude, en data 20 de xuño de 2023, resolveu iniciar o expediente administrativo para a contratación dunha póliza de Responsabilidade Civil e Patrimonial do Excmo Concello de Vigo e os seus organismos autónomos.

Segundo.- En virtude do resolto, emitiuse por esta xefatura, en cumprimento do disposto no artigo 28 da Lei 9/2017, o correspondente informe de necesidade e idoneidade na contratación desa póliza de Responsabilidade Civil e Patrimonial do Concello de Vigo e seus organismos autónomos e, así mesmo, redactouse o 23 de xuño de 2023 o Prego de prescripcíons técnicas para a súa contratación, considerando o informado pola Correduría de seguros municipais, incorporando igualmente ó expediente a memoria económica asinada o 21.06.2023 e a xustificativa asinada o 23.06.2023.

O 28 de xuño de 2023 emitiuse informe do servizo de Contratación conforme o expediente reúne a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública, procedendo na data 30/06/2023, á emisión do Prego de Cláusulas administrativas particulares para a contratación de seguro de Responsabilidade Civil e Patrimonial do Concello de Vigo e seus organismos autónomos, polo procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada (art. 159.6 LCSP).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 da LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 22.06.2023), aos concelleiros de Área de goberno.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto, de conformidade co requirido polo artigo 116.2 da LCSP, e incorpora o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescripcíons Técnicas reitores do contrato.

Terceiro.-No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e LCSP), a xustificación da insuficiencia de medios (artigo 116.4 f), a clasificación non é



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local
Expte. 1501/1102

esixible no presente suposto (artigo 116.4.b LCSLP), os criterios de solvencia técnica o profesional, económica e financeira (artigo 116.4.C LCSP), o valor estimado do contrato (artigo 116.4.d), a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g), as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratarse dun procedemento aberto.

Cuarto.- Consta na memoria xustificativa elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril), tendose incorporado ó expediente o correspondente documento contable de retención de crédito.

Quinto.- De conformidade coa disposición adicional terceira, apartados 8 da LCSP e, a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo de Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e fiscalización da Intervención (artigo 116.3 LCSP), con carácter previo a aprobación polo órgano de contratación.

Sexto.- A competencia para a resolución do presente expediente, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 4 da Lei de Contratos do Sector Público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP).

Á vista do anteriormente exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **ACORDO**:

“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación, a través de procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada, dunha póliza de seguro de Responsabilidade Civil e Patrimonial do Concello de Vigo e seus organismos autonomos.

Segundo.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares asinado polo Xefe do Servizo de Patrimonio en data 23.06.2023.

Terceiro.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato redactado pola Xefa Area de Contratación en data 30.06.2023.

Cuarto.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación de CINCUENTA E NOVE MIL NOVECIENTOS NOVENTA E NOVE CON NOVENTA E NOVE EUROS (59.999,99 €), a financiar con cargo a aplicación orzamentaria 92002240002 e a súa bolsa de vinculación xurídica e consonte a seguinte distribución por anualidades:

Anualidad	Importe
2023	59.999,99 €

Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente."

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(531).- INFORME SOBRE O RECURSO ESPECIAL PRESENTADO AO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE SEGURIDADE E VIXILANCIA EN CEDRO E CMSS. EXPTE. 2926/315.

Dáse conta do informe-proposta do 30/06/2023, asinado pola xefa da área de Contratación e Novos Proxectos e a concelleira-delegada de Contratación, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Directiva 2014/24/UE del Parlamento Europeo y del Consejo, de 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública.
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local
Expte. 1501/1102

- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais (RD 814/2015).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto-Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAP).
- Código Civil, aprobado por Real Decreto de 24 de xullo de 1889 (CC).
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación, mediante procedemento aberto, dos servizos de seguridade e vixilancia en CEDRO e CMSS (PCAP).
- Prego de prescricións técnicas particulares para a contratación dos servizos de seguridade e vixilancia en CEDRO e CMSS (PPT).

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 3 de marzo de 2023, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo (en diante XGL), aprobou o expediente de contratación, por procedemento aberto, dos servizos de seguridade e vixilancia en CEDRO e CMSS, así como a autorización do correspondente gasto e a apertura do procedemento de licitación.

Segundo.- O anuncio de licitación deste procedemento publicouse o 6 de marzo de 2023 no perfil de contratante aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público, iniciándose o prazo de presentación de ofertas ese mesmo día, rematando o 21 de marzo de 2023.

Terceiro.- Durante o prazo conferido para o efecto presentaron oferta os seguintes licitadores:

1. EULEN SEGURIDAD, S.A.
2. SEGURSYSTEM EUROPA, S.L.U.

Cuarto.- A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 23 de marzo de 2023, procedeu á apertura e cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos. Tras a mesma, acordou admitir neste procedemento aos citados licitadores e procedeu á apertura do Sobre B *“Proposición avaliable mediante xuízo de valor”*.

Quinto.- Na sesión do 3 de maio de 2023 a Mesa de Contratación aceptou o informe asinado polo xefe da Área de Benestar Social o 21 de abril de 2023 de valoración do sobre B *“proposición avaliable mediante xuízo de valor”*, abriu, en acto público, o sobre C *“Proposición avaliable mediante fórmula”* dos licitadores admitidos e acordou solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

Sexto.- A Mesa de Contratación, na súa sesión do 1 de xuño de 2023 tomou razón dos escritos presentados por SEGURSYSTEM EUROPA, S.L.U. o 5 de maio de 2023 (documentos nº 230123202 e 230124219) nos que formula as seguintes alegacións:

- 1. [...] Se admite al licitador: EULEN SEGURIDAD, S.A., siendo que según consta en diferentes medios la referida EULEN SEGURIDAD, S.A. está inhabilitada por un periodo de siete meses para firma de contratos con el sector público.(*)*
 - 2. En el acta de apertura del sobre C, aparentemente aparece error al indicar las cifras de las ofertas, siendo que se indica: “Reducción do prezo ofertado” cuando debería ser Precio Ofertado.*
 - 3. En la misma columna que se indica en el punto dos es necesario aclarar que el precio que indica mi representada es por anualidad, dado que de otra manera la cifra no tendría ningún sentido y con mayor razón al tratarse de la actual adjudicataria del servicio.*
- (*) Para un mayor abundamiento de la información señalada en el escrito anterior y como complemento del escrito en relación con lo señalado en el punto 1. de este escrito, queremos acompañar la “Resolución exclusión temporal” de la Comunidad Autónoma de la Rioja [...].*

A Mesa tomou coñecemento dos referidos escritos e acordou contestar ao citado licitador no seguintes termos:

- 1. “Que feitas as oportunas comprobacións no Registro Oficial de Licitadores y Empresas Clasificadas del Sector Público, constátase que EULEN SEGURIDAD, S.A. está incurso nunha prohibición de contratar imposta por resolución da Ministra de Hacienda y Función Pública de data 24 de febreiro de 2023, por un prazo de 7 meses desde o 19 de abril ao 18 de novembro de 2023. A prohibición de contratar esténdese a todo o sector público e produce efectos desde a súa inscrición no Rexistro de Contratistas.*
- 2. Que na acta do 3 de maio, no cadro resumo da apertura das proposicións avaliables a través de fórmula, indicouse o criterio de adxudicación cando efectivamente se tiña que ter reflectido o prezo sen IVE proposto polos licitadores admitidos.*



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local
Expte. 1501/1102

3. *Respecto da aclaración de que o prezo ofertado é anual:*

- *O xefe da Área de Benestar Social expón que do orzamento detallado presentado polo licitador no Sobre C se pode deducir, en atención ao número de horas indicado, que o prezo ofertado se corresponde cunha anualidade.*
- *A vogal suplente do interventor xeral sinala que a oferta se axusta ao modelo de proposición recollido no PCAP e nin a oferta nin o orzamento detallado presentados polo licitador indican que o prezo ofertado sexa anual e entende, á vista das alegacións presentadas no que se pon de manifesto a existencia dun erro, que o licitador recoñece que a oferta adoece dun erro que a fai inviable (suposto recollido no artigo 84 do RXLCAP e na cláusula 14.2c) do PCAP), polo que debe ser rexeitada seguindo o criterio sostido na sentenza da Sala do Contencioso do Tribunal Superior de Justicia de Madrid do 2 de febreiro de 2022 - resolución nº 74/2022- e na resolución nº 89/2022, do 25 de maio, do Órgano Administrativo de Recursos Contractuales de la Comunidad Autónoma de Euskadi.*
- *A titular da Asesoría Xurídica e o Servizo de Contratación entenden que o criterio do servizo xestor é razoable pero que a posición da Intervención resulta máis segura xuridicamente.*

O xefe da Área de Benestar Social formula voto particular ao entender que debería ser aceptada a aclaración de SEGURSYSTEM EUROPA, S.L.U. e admitida a súa oferta, seguindo o criterio do Tribunal Administrativo de Contratos Públicos de Aragón no seu acordo 050/2017, do 19 de abril de 2017”.

Á vista do anterior, a Mesa acordou, cos votos a favor da presidenta, a titular da Asesoría Xurídica, a vogal suplente do interventor xeral e a xefa do Servizo de Contratación, e o voto en contra do xefe da Área de Benestar Social para os puntos 2 e 3:

1. *Excluír deste procedemento a EULEN SEGURIDAD, S.A. por estar incurso nunha prohibición de contratar con todo o sector público desde o 19 de abril ao 18 de novembro de 2023.*
2. *Excluír deste procedemento a SEGURSYSTEM EUROPA, S.L.U. por entender que o licitador recoñece que a súa oferta adoece dun erro que a fai inviable (suposto recollido no artigo 84 do RXLCAP e na cláusula 14.2c) do PCAP)*

Na mesma sesión formulouse proposta ao órgano de contratación para declarar deserto este procedemento “[...] porque os dous licitadores presentados foron excluídos pola Mesa de Contratación na sesión que tivo lugar o 1 de xuño de 2023”.

Sétimo.- A Xunta de Goberno local, na sesión do 8 de xuño de 2023, adoptou o seguinte acordo:

“Declarar deserto o procedemento aberto para a contratación dos servizos de seguridade e vixilancia en CEDRO e CMSS (2.926-315) porque os dous licitadores

presentados foron excluídos pola Mesa de Contratación na sesión que tivo lugar o 1 de xuño de 2023”.

Oitavo.- En data 19 de xuño de 2023, Javier Zamora Barrios, en nome e representación de EULEN SEGURIDAD, S.A. (documento nº 230170370), interpón recurso especial en materia de contratación ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL) contra o acordo de exclusión e de declaración de deserta desta contratación. O escrito de recurso presentouse no Rexistro Xeral deste Concello, sendo remitido polo servizo de Contratación ao Tribunal.

Noveno.- O 30 de xuño de 2023, mediante documento nº 230199835, o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia remite resolución de medida cautelar de suspensión da contratación nº 46/2023.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Obxecto deste recurso especial en materia de contratación

É obxecto da presente impugnación o acordo da Mesa de Contratación do 1 de xuño de 2023 de exclusión do recorrente do procedemento aberto para a contratación dos servizos de seguridade e vixilancia en CEDRO e CMSS (2.926-315) por estar incurso nunha prohibición de contratar con todo o sector público desde o 19 de abril ao 18 de novembro de 2023, así como o acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, adoptado na sesión do 8 de xuño de 2023, de declaración de deserto do citado procedemento.

-II-

Lexislación aplicable

É preciso comezar por determinar a lexislación aplicable ao presente contrato. Os contratos se rexen en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda do Código Civil). En consecuencia, o presente contrato se rexe polas seguintes disposicións:



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local
Expte. 1501/1102

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais.

-III-

Competencia do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia para a resolución do recurso

A lexislación de contratos (artigos 44 a 60 LCSP) regula un recurso especial en materia de contratación, que substitúe aos recursos administrativos ordinarios para a impugnación de determinados actos adoptados nos procedementos de adxudicación dos tipos de contratos enumerados no artigo 44.1 LCSP. Estes contratos son:

- Contratos de obras cuxo valor estimado sexa superior a tres millóns de euros, e de subministración e servizos que teñan un valor estimado superior a cen mil euros.
- Acordos marco e sistemas dinámicos de adquisición que teñan por obxecto a subscripción dalgún dos contratos tipificados na letra anterior, así como os contratos baseados en calquera deles.
- Concesións de obras ou de servizos cuxo valor estimado supere os tres millóns de euros.
- Contratos administrativos especiais cando, polas súas características, non sexa posible fixar o seu prezo de licitación ou, noutro caso, cando o seu valor estimado sexa superior ao establecido para os contratos de servizos.
- Contratos subvencionados e as encargas cando, polas súas características, non sexa posible fixar o seu importe ou, noutro caso, cando este, tendo en

conta a súa duración total máis as prórrogas, sexa igual ou superior ao establecido para os contratos de servizos.

A interposición previa deste recurso é potestativa (artigo 44.7 LCSP), podendo os interesados interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo.

No ámbito das Corporacións Locais, a competencia para resolver os recursos será establecida polas normas das Comunidades Autónomas cando estas teñan atribuída competencia normativa e de execución en materia de réxime local e contratación (artigo 46.4 LCSP), como é o caso da Comunidade autónoma galega, á que pertence este Concello.

Creado o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia pola Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, por acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 8 de febreiro de 2018, procedeuse ó nomeamento dos seus membros. Este Tribunal, unha vez constituído, adoptou o acordo de establecer como data de comezo do exercicio das súas funcións, previstas no artigo 35 bis, o 2 de abril de 2018.

-IV-

Exame da concorrencia dos requisitos esixidos pola lei para a admisión do recurso

Os requisitos necesarios para a admisión do recurso se prevén nos artigos 44, 48, 50 e 51 da LCSP. Se ben a tarefa de analizar se concorren os mesmos no presente recurso lle corresponde ao Tribunal, é de interese para o órgano de contratación coñecer esta circunstancia, a efectos de formular alegacións sobre o fondo do mesmo no presente informe en caso de que concorran e, no caso contrario, de solicitar do Tribunal a inadmisión deste.

A) En canto aos **requisitos obxectivos**, son susceptibles deste recurso especial os seguintes actos ditados no curso dos procedementos de contratación citados no fundamento xurídico terceiro deste informe (artigo 44.2 LCSP):

- a) Os anuncios de licitación, os pregos e os documentos contractuais que establezan as condicións que deban rexer a contratación.
- b) Os actos de trámite adoptados no procedemento de adxudicación, sempre que estes decidan directa ou indirectamente sobre a adxudicación, determinen a imposibilidade de continuar o procedemento ou produzan indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos ou intereses lexítimos. En todo caso, considerarase que concorren as circunstancias anteriores nos actos da mesa ou do órgano de contratación polos cales se acorde a admisión ou inadmisión



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local
Expte. 1501/1102

de candidatos ou licitadores, ou a admisión ou exclusión de ofertas, incluídas as ofertas que sexan excluídas por resultar anormalmente baixas como consecuencia da aplicación do artigo 149.

- c) Os acordos de adxudicación.
- d) As modificacións baseadas no incumprimento do establecido nos artigos 204 e 205 da presente lei, por entender que a modificación debeu ser obxecto dunha nova adxudicación.
- e) A formalización de encargos a medios propios nos casos en que estes non cumpran os requisitos legais.
- f) Os acordos de rescate de concesións.

Así, a impugnación do exclusión do recorrente así como a declaración de deserto son susceptibles de recurso especial en materia de contratación.

B) En relación cos **requisitos subjectivos**, a lei concede lexitimación activa para interpoñer este recurso (artigo 48 LCSP):

- As persoas físicas e xurídicas cuxos dereitos ou intereses lexítimos, individuais ou colectivos, se visen prexudicados ou poidan resultar afectados, de maneira directa ou indirecta, polas decisións obxecto do recurso.
- As organizacións sindicais cando das actuacións ou decisións impugnables se poida deducir fundadamente que estas implican que no proceso de execución do contrato o empresario incumpra as obrigacións sociais ou laborais respecto dos traballadores que participen na realización da prestación. En todo caso, entenderase lexitimada a organización empresarial sectorial representativa dos intereses afectados.

É dicir, en materia de lexitimación activa non se recoñece unha acción pública, senon que é preciso que exista unha determinada relación coa cuestión debatida, unha lexitimación *ad causam*.

No caso que nos ocupa non hai dúbida da lexitimación do recorrente na súa cualidade de licitador.

C) Como **requisitos formais** a lei esixe que o recurso se presente por escrito (artigo 51 LCSP).

O **escrito de interposición do recurso** deberá especificar (artigo 51.1 LCSP):

- O acto do procedemento obxecto do recurso.
- Os medios de proba de que pretenda valerse o recorrente.
- As medidas cautelares cuxa adopción solicite.

Ao escrito de recurso deberá acompañarse a seguinte documentación:

- a) O documento que acredite a representación do comparecente, agás se figurase unido ás actuacións doutro recurso pendente perante o mesmo órgano, nese caso poderás solicitarse que se expida certificación para a súa unión ao procedemento.
- b) O documento ou documentos que acrediten a lexitimación do actor cando a ostente por habela transmitido outro por herdanza ou por calquera outro título.
- c) A copia ou traslado do acto expreso que se recorra, ou indicación do expediente en que se ditase ou do boletín oficial ou perfil de contratante no que se publicou.
- d) O documento ou documentos no que funde o seu dereito.
- e) Un enderezo de correo electrónico «habilitado» ó que enviar, de conformidade coa disposición adicional décimo quinta, as comunicacións e notificacións.

O **escrito de interposición do recurso** deberá presentarse nos lugares establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así mesmo, poderase presentar no rexistro do órgano de contratación ou no do órgano competente para resolver o recurso. Os escritos presentados en rexistros distintos destes dous últimos deberanse comunicar ao Tribunal de maneira inmediata e da forma máis rápida posible.

Circunstancias todas que concorren no escrito de recurso presentado polo recorrente no Rexistro Xeral do Concello e remitido polo servizo de contratación ao TACGAL.

D) Por último, respecto aos **requisitos temporais**, a lei fixa un prazo de interposición do recurso especial en materia de contratación de quince días hábiles. E a continuación establece as regras de cómputo do mesmo (artigo 50.1 e 2 LCSP):

- Cando se interpoña contra actos de trámite adoptados no procedemento de adxudicación o cómputo se iniciará a partir do día seguinte a aquel no que se tiña coñecemento da posible infracción (artigo 50.1.c).

O recurso foi interposto no Rexistro do concello en data 19 de xuño. Dado que os acordos impugnados foron notificados e obxecto de publicación o día 15 de xuño de 2023, o recurso foi interposto en prazo.



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local
Expte. 1501/1102

Podemos concluir, a xuízo da informante, e sen prexuízo do seu ulterior exame polo Tribunal, que procede solicitar deste a admisión do recurso.

-V-

Motivos de impugnación da resolución recorrida

Relata o recorrente, no fundamento xurídico segundo do seu escrito, os motivos de impugnación:

“Segundo. - Motivos de impugnación

1o.- El expediente de Prohibición de Contratar instado frente a EULEN SEGURIDAD, S.A. que dio lugar a la exclusión de la oferta de la ahora recurrente, tiene su origen en la resolución dictada en fecha 13 de mayo de 2021 por el Director General de Trabajo de la Comunidad de Madrid, derivada del Expte. 09-ST-07025.6/2020 iniciado por la Inspección Provincial de Trabajo y Seguridad Social de Madrid, en virtud del Acta de Infracción 07025/2020, de fecha 28 de diciembre de 2020, que impuso a la ahora recurrente una sanción de 10.000€, por la comisión de una infracción muy grave, en grado mínimo, a tenor de lo dispuesto en el artículo 8.11 del RDL 5/2000, de 4 de agosto.

(...)

El pasado 24 de abril de 2023, EULEN SEGURIDAD, S.A. recibió comunicación de inscripción de Prohibición de Contratar, con efectos desde el día 19 de abril de 2023, si bien, no estando conformes con la referida medida, en fecha 27 de abril de 2023 se interpuso Recurso Contencioso-Administrativo ante la Sala de lo Contencioso de la Audiencia Nacional, habiendo solicitado igualmente en la citada recusación la adopción de la MEDIDA CAUTELAR consistente en que se SUSPENDA la prohibición de contratar acordada y, consecuentemente se deje sin efecto su inscripción en el ROLECE”.

Por Decreto de 10 de maio de 2023 da Sección Sétima da Sala de lo Contencioso-Administrativo de la Audiencia Nacional (P.O. 639/2023), admitiuse a trámite o recurso e se ordenou a constitución de peza separada para acordar a medida cautelar solicitada. Esta medida cautelar foi deixada sen efecto por Auto da Sección 7 da Audiencia Nacional, de 8 de xuño de 2023.

Á vista do exposto polo recorrente, procede allanarse a súa pretensión, e solicitar que o Tribunal acorde a retroacción do procedemento para deixar sen efecto o acordo de exclusión do licitador e a declaración de deserto do procedemento.

-VI-

Medidas cautelares

A lei prevé que o recorrente poida solicitar do órgano competente para resolver o recurso a adopción de medidas cautelares. Tales medidas irán dirixidas a corraxir infraccións de procedemento ou impedir que se causen outros prexuízos aos intereses afectados.

Así mesmo, a lei configura no artigo 53 a medida cautelar de suspensión do procedemento, como efecto derivado da interposición do recurso, máis so no caso de que o acto impugnado sexa o de adxudicación do procedemento. En opinión da recorrente, e en aras da seguridade xurídica, propónse ao Tribunal a adopción da medida cautelar de suspensión do procedemento.

-VII-

Acordo

En mérito ao exposto, se propón á Xunta de Goberno Local, en calidade de órgano de contratación do Concello de Vigo (disposición adicional segunda da LCSP) e en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Aprobar o presente informe.

2º.-Dar traslado do mesmo ao Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás quince horas e dez minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/if.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez